

Verbo latino e verbo galego. Notas para unha análise comparativa*

ALEXANDRE VEIGA
Universidade de Santiago

1. INTRODUCCION

1.1. *Propósitos*

O obxectivo desta exposición non é senón presentar unha serie de fenómenos referentes á constitución do sistema verbal galego a partir do sistema latino, fenómenos que, ó noso modo de ver, constitúen cuestións de primeira importancia para o estudio non xa da sintaxe diacrónica do verbo galego, senón posiblemente do verbo románico, ou, cando menos, hispánico. Desexamos que asemade o plantexamento e enfoque destas cuestións contribúan a precisa-la importancia do estudio dun sistema verbal tan peculiar e mal coñecido como é o galego no terreo da románica ó tempo que se aporten algunhas novas perspectivas para acomete-la análise do sistema latino.

* Corresponde este traballo ó manuscrito dunha comunicación que, co mesmo título, expuxemos na Segunda Reunión Galega de Estudos Clásicos, celebrada na Universidade de Santiago de Compostela en setembro de 1984, as actas da cal —ás que o presente texto ía destinado nun principio— non chegaron a publicarse por causas alleas á vontade dos organizadores. No momento de solicitármola inclusión do traballo no presente número de *Verba* preferimos non modifica-lo texto orixinal agás en cuestións máis ou menos puntuais, como revisión da terminoloxía ou, como moito, reelaboración dalgún que outro pequeno párrafo; non hai, por conseguinte, nesta versión diferencias importantes en canto ós datos ou ós plantexamentos co primeiro texto.

Expresámo-lo noso agradecemento ós compañeiros e alumnos que en tantas ocasións debatiron connosco cuestións referentes ó tema de que tratamos. Moi especialmente debemos agradecer á Profesora Doutora D^a Milagros Fernández Pérez as súas decisivas observacións sobre algúns problemas á vista da redacción primeira do manuscrito.

1.2. *Funcións modais e funcións temporais. Signos verbais*


A pesares do longo tempo transcurrido desde a aparición do *Cours* de Saussure e da implantación dos criterios estruturais, o tratamento que, mesmo en estudos recentes, se dá a algúns problemas relativos á organización dun sistema verbal, fai que non sexa impropcedente insistirmos en cuestións metodolóxicas fundamentais.

Establece-la análise da estrutura dun sistema verbal como a determinación das relacións existentes entre unha serie de *formas* caracterizadas pola expresión duns contidos *modais* e *temporais* (ou *aspecto-temporais*)¹ presupón que as nocións de *modo* e *temporalidade* deben proporcionar contidos entre os que se establezan *oposicións significativas*, e, como tales, identificables por *conmutación* que se manifieste formalmente nunha alternancia de significantes. Como xa deixou ben sentado RUIPÉREZ (cfr. 1954: § 19), toda oposición de significados debe levar forzosamente parella unha oposición de significantes, o que non impide que existan diferencias formais que non sinalen oposición significativa. Isto conleva que se *temporalidade* e *modo* supoñen nocións pertinentes na estruturación do sistema, os valores temporais e modais das formas deberán ser estudados desde a perspectiva funcional, ou sexa, buscando que *rasgos* de tempo e modo constitúen elementos significativamente distintivos e, consecuentemente, cantas *funcións temporais* e cantas *funcións modais* integran o sistema desde o punto de vista do significado.

Na óptica do funcionalismo o concepto *forma verbal*, básico como unidade do sistema, non foi nunca univocamente definido. A mesma etiqueta é empregada para significacións diversas; así, se dicimos que, por exemplo, no *subxuntivo* español *cantara* e *cantase* son unha mesma *forma*, é claro que non pensamos tanto na expresión como no significado gramatical —expresións temos dúas—, pola contra, cando falamos, por exemplo, dos valores temporais ou modais da *forma cantaría*, estámonos referindo á expresión —significados cremos ter máis dun—. O sistema verbal, como sistema de signos, aparece integrado por unha serie de unidades de dous planos, *significante* e *significado*, que se identificarán polos seus *contidos funcionais* en canto ás *nocións significativas básicas*, conti-

¹ En tanto non entremos propiamente no tema, falaremos só de *temporalidade* e *modo* como categorías estruturantes do sistema verbal, ben entendido que na *temporalidade* abarcamos tamén as diferencias significativas que algúns autores adscriben ó *aspecto*. De feito, *tempo* e *aspecto*, nas teorías que falan deste último, presentan sempre unha vinculación mutua que os fai formar un conxunto fronte ó *modo*.

dos que deberán ser comprobables por conmutación como integrantes de *funcións significativas*. Desta maneira un sistema verbal aparece integrado por *signos verbais* definidos en canto ós dous planos:



A conmutación entre dúas expresións pode non supor oposición *significativa*, neste caso atopámonos fronte a dous alomorfos cun mesmo valor temporal e modal (este é o caso de *cantara* ~ *cantase* no *subxuntivo* español ou galego)², alomorfos que supoñen dúas realizacións diferentes dun mesmo significante. En canto ó plano do significado, o chamado *morfema modo-temporal*, que é o que identifica os *signos verbais* na extensión que estamos dando ó termo³, recibe este nome por presentar en forzosa amalgama a manifestación dos significantes das dúas nocións significativas *modo* e *temporalidade*, feito que obstaculizou en grande medida os estudos sobre os sistemas verbais. Se *temporalidade* e *modo* presentan amalgama na súa manifestación sustancial, a realidade será que:

a) Cando unha conmutación de significantes que expresen un mesmo contido temporal conduza a un cambio de significación gramatical, tal cambio só poderá ser interpretado como *modal*.

b) Cando unha conmutación de significantes que expresen un mesmo contido modal conduza a un cambio de significación gramatical, tal cambio só poderá ser interpretado como *temporal*.

Así, en igualdade temporal poderemos establecer por conmutación as *funcións modais*, isto é, os *contidos modais distintivos* que interveñen na estruturación do sistema, e reciprocamente, en igualdade modal pode-

² No galego actual a expresión *cantara* non representa só o valor de *ante-pretérito* de *indicativo*, senón que, igual que en español, existe no *subxuntivo* facéndose alomorfo de *cantase*. As gramáticas e algúns estudos sobre o verbo galego soen silenciar este último feito sen dúbida polo prexuício —a realidade aínda non foi suficientemente estudada— de que se trate dunha influencia do sistema español. O estudio de X. Xove (1982) sobre o uso do sistema verbal galego nas obras de A. Cunqueiro reconece para a forma en *-ra* os valores *subxuntivos*. Xove constata no seu *corpus* de textos como nun 24,1% das súas aparicións *cantara* é sustituíble por *cantase* (1982: 319). Excepcionalmente, Porto Dapena (1972) só considera para o *subxuntivo* a forma en *-ra*. Para máis datos sobre a cuestión cfr. Santamarina (1974: 13 ss.).

³ Isto é, situando no plano *significativo* só as nocións *modal* e *temporal*, pois prescindimos neste estudio de analiza-la voz, o número ou a persoa.

remos establecer por conmutación as *funcións temporais*, isto é, os *contidos temporais distintivos*.

1.3. Primeira aproximación ó verbo galego

Desde o punto de vista temporal, a diacronía dos máis coñecidos sistemas verbais da Romania Occidental —pensamos no portugués, español, catalán, provenzal ou francés— caracterízase fundamentalmente pola culminación de dous grandes procesos de “temporalización” de perífrases que pasarían a integrarse no sistema de oposicións temporais xunto coas primitivas formas simples; procesos que suporían dúas reorganizacións no sistema temporal:

a) O primeiro proceso partiu da xeneralización na baixa latinidade das perífrases *cantare habeo* e *cantare habebam*, que nado, se cadra, cunha significación en certa maneira modal ou aspectual⁴, acabaron convertíndose en elementos do sistema temporal caracterizados pola expresión dunha relación primaria (dunha *perspectiva* en termos coserianos)⁵ de posterioridade. A integración das dúas formas, que acabarían sendo sintéticas en todos estes romances⁶, tivo unha desigual repercusión no sistema: mentres *cantare habeo* substituíu ó antigo *futuro cantabo*, *cantare habebam* supuxo a aparición dunha nova función temporal inexistente no *indicativo* latino: o valor de *pos-pretérito* ou expresión dunha relación de posterioridade a unha referencia pasada.

b) O segundo proceso, que non parece se completase senón nos últimos tempos da Idade Media⁷ consistiu na integración no sistema tempo-

⁴ Sobre o desenrolo destas formas perifrásticas e principais teorías ó respecto, véxase Fleischman (1982: §§ 3.2.ss.). Cfr. tamén Coseriu (1957).

⁵ Cfr. os conceptos de *plan* e *perspective* en Coseriu (1978).

⁶ Coa excepción do portugués, onde se admite a intercalación de pronomes átonos: *canta-lo-ei* (cfr. Lausberg, 1962: § 846).

⁷ Por sondeos que levamos feitos no castelán do século XIII comprobamos que nesta época aínda non é infrecuente atopar exemplos de “formas compostas” máis próximos ás primitivas significacións aspectuais de *acción perfectiva* ou mesmo de *estado resultante* cós valores temporais que estas formas desempeñan hoxe. Valores posesivo-resultativos no verbo *auer* aparecen en exemplos como “Avié un uerto bueno el varón acabado” (*Sto. Domingo*, 377a), “tornó a su estudio que avié costumnado” (*Sto. Domingo*, 393c), “e todos ouieron sus tierras conoçudas e apartadas” (*G. Es-toria*, Ed. G. Solalinde, 52,B.2-5), “tuyas son las coronas, ten que las *as* ganadas” (*Sto. Domingo*, 243ab). Notemos especialmente que o hoxe desaparecido *ove cantado* representaba en oracións principais accións resultativas ou perfectivas: “*ouo* algo

ral dunha serie de *formas compostas* constituídas por unha forma simple do verbo procedente de *habere*⁸, ou no caso portugués *tenere* (> *ter*), seguida do participio do verbo en cuestión. Esta segunda serie de formas perifrásticas non chegou á síntese, pero si á integración no sistema temporal, desde o momento en que os rasgos distintivos que opoñen estas formas coas simples son os mesmos que opoñen as simples entre elas: rasgos temporais⁹. Tal integración foi moi desigual. Exemplificando cos feitos do castelán temos casos de formas que por non chegaren a se integrar no sistema de oposicións temporais desapareceron practicamente, como *hube cantado*; outras reemplazaron a unha forma simple preexistente, como *había cantado*, que substituíu ó antigo *pluscuamperfecto* simple *cantara*, e outras, como *he cantado*, *habré cantado*, *habría cantado* e os subxuntivos correspondentes *haya cantado* e *hubiera* ~ *-se cantado*, supuxeron a aparición de novas oposicións temporais antes inexistentes, co que se crearon novas funcións temporais¹⁰. Fleischman (1982: § § 5.4.3.ss.) sinala un feito importante á hora de defende-la idea de dous procesos sucesivos de

apreso la primera semana" (*Sto. Domingo*, 37d), "pero óvolo elli bien ante coñoscido" (*Sto. Domingo*, 390d). E sen dúbida o declive de *ove cantado* a consecuencia da "temporalización" destas formas en principio puramente perifrásticas (cfr. Rojo, 1974: § 6.4.). Para a evolución da forma *he cantado* remitimos tamén ó xa clásico traballo de Alarcos (1947).

⁸ O francés conserva outro auxiliar, *être*, con verbos de movemento, tal situación dábase tamén na Idade Media nos romances hispanos.

⁹ Unha análise temporalista dun sistema que inclúa formas compostas así o demostra. Pensemos, por exemplo que para o español esta foi a visión de autores como Bello (1841), Bull (1960) ou Rojo (1974), que sinalaron nas formas compostas unha relación temporal de *anterioridade* a algunha referencia. E doado comprobarmos isto; a título de exemplo vemos que en castelán a relación temporal existente entre "*llueve/lloverá/llovió*" é a mesma que existe entre "*dijo que llovía/dijo que llovería/dijo que había llovido*", co que se comproba que a relación *llueve/llovía* e *lloverá/llovería* é a mesma existente en *llovió/había llovido*, véndose así como unha *forma composta* funciona no sistema de oposicións no que se integran as simples. Por outra parte, citémo-la opinión de Ruipérez (1967), quen recalca o feito da non segmentabilidade das formas compostas, de xeito que os rasgos significativos distintivos expresados prolas mesmas aparecen simultaneamente no único segmento que cada unha delas por tanto constitúe.

¹⁰ Nalgún sistema, algunha destas novas funcións chegaría co tempo a desaparecer. Así, o francés moderno descoñece a oposición *je chantai/j'ai chanté* por extende-la forma composta ó valor que antes expresaba a simple. O mesmo poderíamos dicir da desaparición de *canté/he cantado* na fala madrileña (e noutras), onde tamén a forma composta fixo desaparecer á simple. Nestes casos trátase da desgramaticalización de anteriores oposicións distintivas.

gramaticalización: a orde de elementos en *cantare habeo* remítenos a un período en que a orde de palabras predominante era a clásica, obxecto + verbo, en tanto que a secuencialidade de *habeo cantatum* é o resultado da posterior consolidación desta perífrase, cando a orde de palabras dominante xa pasara a ser suxeito + verbo + obxecto.

Precisamente o que caracteriza e individualiza o sistema temporal galego fronte ós seus compañeiros románicos occidentais é o feito de que neste dominio só o primeiro destes dous procesos de temporalización chegou a completarse. O galego, por tanto, carece de “tempos compostos”, pois se ben a documentación medieval proporciona probas do uso das perífrases *aver/seer + participio*, o certo é que tales perífrases non chegarían a supera-la primeira etapa, consistente en significacións puramente aspectuais, co que nunca deron orixe a novas funcións temporais no sistema. Tampouco outras perífrases chegaron a integrarse como elementos deste sistema: fronte ó sucedido no portugués, as perífrases galegas *ter + participio* non se poden interpretar de ningunha maneira como “tempos” do verbo¹¹.

Deste xeito, atopámonos ante un sistema temporal con rasgos que o individualizan na *Romania Occidental*¹², sistema que parece representar un estado de cousas anterior ó segundo proceso de temporalización que dou orixe ós “tempos compostos”. O verbo galego presenta unha estrutura temporal máis sinxela e tamén máis equilibrada cá do verbo portugués ou español, sistemas estes dous considerables como os temporalmente máis complexos da *Romania Occidental*¹³. O sistema galego presenta nas circunstancias modais máis propicias, isto é, no *indicativo real*

¹¹ A perífrase *ter + participio* en galego non equivale en absoluto ós *tempos compostos* dos romances veciños. Este punto xa foi posto de relevo por máis dun estudioso, pois é por desgracia aínda corrente en moitos escritores e oradores galegos pretender “traducir” os *tempos compostos* do castelán ou do portugués ó galego empregando estas construcións, obtendo así un sistema verbal puramente artificial e “malsoante”. A perífrase galega *ter + participio* indica, como sinala Rojo (1972: § V.3.6.), un valor aspectual perfectivo que xeralmente se traduce na expresión de acción reiterada: “xa cho *teño dito* [máis dunha vez]”.

¹² Mencionemos que o verbo bable orixinario tamén carece de formas compostas, aínda que paradóxicamente se detecten usos dalgunha destas —non nos referimos ós que se deban claramente a interferencia do español—, como o emprego de *ubiere cantao* (= esp. *hubiera cantado*) para expresar unha noción de pluscuamperfecto alonxado ou remoto que sinala J. Martínez Alvarez (1973).

¹³ Coseriu, por exemplo, menciona os sistemas portugués e español como “les systèmes romans les plus complexes et complets” (1978: § 5).

(cfr. *infra* § 3.1.), seis funcións temporais diferenciadas, representadas polos significantes realizados *canto*, *cantarei*, *cantei*, *cantaba*, *cantaría*, *cantara*.

Sistema galego e sistema clásico presentan seis *signos verbais* no *indicativo*; con todo, e debido ó cumprimento do primeiro proceso temporalizador que orixinou as formas *cantarei* < *cantare habeo* e *cantaría* < *cantare habebam*, xunto coa desaparición do *futurum exactum cantavero*, a estruturación funcional de ámbolos dous sistemas é marcadamente diferente. Sen entrarmos polo momento no tema, xa a primeira vista podemos advertir que un signo latino, *cantavero* na forma, carece de sucesor no sistema galego; pola contra, o galego *cantaría* representa unha función temporal, a de *pos-pretérito*, inexistente no sistema latino. Sería, pois, completamente erróneo falar de equivalencia entre os dous séxtuples sistemas, entre os cales xa tivo lugar unha importante reorganización temporal que estudiaremos máis adiante (§ 3.3.); polos mesmos motivos a identidade que Togeby (1966: 175) pretendeu ver entre as formas simples do indicativo portugués e o sistema latino é totalmente ficticia¹⁴.

Partindo do seu parentesco xenético, nada de extraño ten propoñe-la hipótese de que o actual sistema portugués, as funcións temporais do cal aparecen representadas por formas xa simples xa compostas con *ter*, sexa o resultado dunha reorganización temporal que, tomando como base o sistema galego, vise xurdir novas funcións como resultado do segundo proceso de temporalización. Pero os “tempos compostos” portugueses determinan no seu sistema unha estruturación basicamente comparable á dos demais romances occidentais; por esta razón cremos lícito pre-

¹⁴ Referímonos á afirmación seguinte: “Le portugais a conservé *amara* au sens de *amaverat*, de même qu’il a conservé au parfait *amou* avec le même sens que *amavit*: ‘il aime, il a aimé’. Seul parmi les langues romances le portugais possède encore aujourd’hui un système de l’indicatif avec six formes, exactement comme le latin” (Togeby, 1966: 175). Afirmación chea de datos erróneos: 1^o) non menciona a existencia en portugués de tempos compostos con *ter* integrables no sistema de oposicións que diferencian os tempos simples; 2^o) cita *cantara* como *ante-pretérito* (“*pluscuamperfecto*”) de *indicativo* en portugués, cando na lingua actual é *tinha cantado* quen realiza esta función —o mesmo Togeby engadirá máis adiante “Mais de nos jours, dans la langue parlée, on assiste au remplacement de la forme synthétique *ceara* par la forme analytique *tinha ceado*, donc au même procès que celui que s’est déroulé en espagnol cinq cents ans auparavant” (*op. cit.*: 182)—; 3^o) aínda admitindo *cantara* e non tendo en conta os tempos compostos, as formas simples portuguesas non coincidirían coas latinas (¿onde está *cantavero* no *indicativo* portugués? ¿onde está *cantaría* no *indicativo* latino?), polo que a afirmación *exactement comme le latin* parece bastante desafortunada.

guntarnos se o actual sistema galego non será senón pervivencia dun sistema proto-hispano ou posiblemente proto-románico occidental partindo da estrutura do cal se poida explica-la integración dos “tempos compostos” nas diversas linguas. Vexamos agora algúns dos principais fenómenos modais e temporais que marcan a evolución do sistema clásico ó sistema galego.

2. O SISTEMA MODAL

E corrente ler en gramáticas ou estudos sobre calquera sistema verbal que tal ou cal forma en tal ou cal circunstancia indica *realidade, irrealidade, declaración, mandato, desexo, volición, hipótese, continxencia, posibilidade, probabilidade, improbabilidade* e un longo etcétera de contidos que se poden considerar “modais”. Pero se a modalidade constitúe unha noción pertinente na estruturación do sistema verbal, as razóns de tipo impresionista deben ser rexeitadas en favor de razóns de estrutura: contidos modais pertinentes deben supor oposicións significativas que se manifesten no significante. Como adiantamos en § 1.2., estas oposicións modais deberán ser probadas por conmutación en igualdade de contido temporal.

2.1. Funcións modais no verbo galego

Tomando formas do verbo galego en casos en que expresen todas unha mesma e inequívoca relación temporal de *presente*, atopámo-la existencia de oposicións significativas que por non seren temporais son asignables á noción modal e que supoñen a delimitación de cinco funcións diferentes. Confrontando os exemplos:

- a) o Xan *ten* agora 40 anos
- b) o Xan *terá* agora 40 anos
- c) o Xan *tería* agora 40 anos
- d) (oxalá) o Xan *teña* agora 40 anos
- e) (oxalá) o Xan *tivese* agora 40 anos

atopamos que estes cinco *presentes* transmiten contidos *modais* diferentes. Pero é notorio que estes contidos presentan máis dun rasgo modal distintivo. Así, os exemplos *d* e *e* transmiten unha noción de desexo ou volición que os opón ó valor declarativo de *a*, *b* e *c*; por outra parte, os verbos de *c* e *e* transmiten un contido de irrealidade ou negación implíci-

ta que os opón respectivamente a *a-b* e *d*; por último, o verbo de *b* expresa un contido de incertidume fronte á afirmación de realidade por parte de *a*.

Segundo neste camiño, comenzamos a supor que haxa que falar de máis dunha *noción básica* no modo galego. Efectivamente, unha primeira oposición modal, que nestes exemplos se traduce en *declaración/volición*, separa dun lado as formas de *a, b, c*, e doutro as de *d, e*. No plano do significativo esta primeira noción modal delimita dúas *series* de formas correspondentes ó tradicionais “modos” *indicativo* e *subxuntivo*; criterios de rección¹⁵ permiten identificar doadamente cales formas pertencen a cada serie, e así temos que o *indicativo* aparece integrado polas formas *canto, cantarei, cantei, cantaba, cantaría, cantara*, e o *subxuntivo* por *cante* e *cantase ~ -ra*.

Pero dentro dos *subsistemas modais* representados no significativo polas *series* indicativa e subxuntiva e que, como vimos, responden á primeira noción básica, actúa unha segunda noción que dentro do *subxuntivo* supón unha oposición binaria *irrealidade/non irrealidade* e no *indicativo* divide ademais o membro non marcado desta dicotomía coa nova oposición *incertidume/realidade*.

Ningunha outra relación temporal ofrece máis oposicións modais das exemplificadas no *presente*; ningunha outra conmutación de expresións supón oposición modal significativa neste tempo¹⁶; concluímos que o verbo galego está estruturado modalmente en cinco *funcións*, ás que para entendernos sen problemas chamaremos¹⁷:

¹⁵ Os criterios de rección son válidos para a comprobación da *serie (indicativo/subxuntivo)* a que pode pertencer cada expresión, pero aí remata a súa validez. Lembremos, por exemplo, que Bello reconece no español as formas de *indicativo* como “las que son o pueden ser regidas por los verbos *saber, afirmar* no precedidos de negación” (1857: § 455) e as de *subjuntivo común* como “las formas que se subordinan o pueden subordinarse a los verbos *dudar, desear*”. (1857: § 459).

¹⁶ Para o *indicativo irreal* (caso *c*), por exemplo, poderíamos substituír *cantaría* por *cantaba* no *presente*, “de boa gana agora *estaría/estaba* na praia”, e con algúns verbos tamén por *cantara*, “*quería/querría/quixera* pedirche un favor”. Estas substitucións formais non alteran o contido modal —se se quere, “matizan” a irrealidade, pero nada máis—, polo que como *presentes* do *indicativo irreal* *cantaría, cantaba* e casos de *cantara* aparecen como alomorfos formais.

¹⁷ Empregámo-los díxitos 1 e 2 en atención a que os contidos modais de *incertidume* e *irrealidade* corresponden respectivamente ó primeiro e segundo tipos de *dislocación* temporal expostos por Rojo (1974: § 5).

función	forma que expresa o seu presente
<i>Indicativo</i> \emptyset (ou <i>real</i>)	<i>canto</i>
<i>Indicativo</i> 1 (ou <i>de incertidume</i>)	<i>cantarei</i>
<i>Indicativo</i> 2 (ou <i>irreal</i>)	<i>cantaría</i>
<i>Subxuntivo</i> \emptyset (ou <i>non irreal</i>)	<i>cante</i>
<i>Subxuntivo</i> 2 (ou <i>irreal</i>)	<i>cantase ~ -ra</i>

Pensar na primeira noción básica, que determina a oposición *indicativo/subxuntivo*, como de realización significativa unitaria non é en principio doado. Nos exemplos vistos esta oposición tradúcese nun contido de *enunciación/volición*, pero noutros casos a realización é *afirmación/ignorancia*, algo, pois, ben distinto; así, no seo da subordinación de relativo especificativa temos casos como “os amigos que agora me *escoitan/escoiten*”, onde este é o contido da oposición. Estas dúas realizacións da mesma oposición establecida en canto ós significantes son entre outras cousas resultado de se-lo *subxuntivo* o herdeiro de antigos modos verbais. Xa o latín clásico presentaba máis dun “subxuntivo”, polo que Touratier (1977-82) se mostra partidario de falar neste sistema de dous modos cun mesmo significante (cfr. nota 22). Partindo de que unha oposición significativa ten que plasmarse na forma, debemos supor para a alternancia *indicativo/subxuntivo* un carácter único, e as súas dúas principais realizacións en galego, *enunciación/volición* e *afirmación/ignorancia*, que parecen distribuírse segundo as circunstancias sintácticas, deberán ser vistas como pertencentes a unha oposición máis xeral; bautizar esta oposición como, por exemplo, *obxectividade/subxectividade* é dicir ben pouco, pero a metodoloxía estrutural admite —polo menos para os nosos actuais fins— unha postura polo estilo.

Esta primeira oposición modal *indicativo/subxuntivo* é neutralizable en circunstancias en que a segunda se mantén e viceversa. As conxuncións que rexen unha determinada serie (ex.: “a razón de que o Xan *viñese* onte”, non **veu*) ou as partículas que anulan o valor significativo da alternancia de serie (ex.: “quizaves *veña/virá* mañá”) supoñen contextos en que a expresión do *archivalor* corre a cargo dun so ou ben dos dous elementos neutralizados¹⁸.

¹⁸ Martinet (1968) fala tamén de neutralización para se referir a aqueles casos en que a elección entre dous morfemas a oposición significativa dos cales é un feito no sistema sexa imposible ou non comporte diferenza de significado. Ofrece Martinet exemplos en francés onde o *archivalor* aparece representado por unha ou polas dúas expresións dos signos entre os que tivo lugar a neutralización. Contrariamente Ruipérez (1954: § 53) negara a posibilidade da alternancia libre de morfemas para realizarlo *archivalor*.

A existencia da segunda noción modal básica, funcional dentro de cada un dos dous subsistemas delimitados pola primeira, *indicativo* e *subxuntivo*, é a responsable de certos valores modais dalgunha forma que teñen provocado bastantes confusións na historia da gramática. Prexuício reiterado dos estudiosos do verbo foi interpreta-la idea de *modos verbais* como conxuntos independentes de *formas*, cousa que non encaixaba coa idea do *modo* como noción significativa pertinente. En efecto, adscribir *cantaría* ó *indicativo*, sen máis, vía difícil explicar por qué en “dixome que *viría* despois”/“daquela *tería* eu nove anos”/“agora *estaría* encantado na praia” a mesma forma parece indicar tres contidos *modais* diferentes: o primeiro tan real como o do *presente canto*, o segundo tan incerto como o de *cantarei* cando é *presente* e o terceiro irreal, valor da forma *cantaría* na citada realización temporal. Para explicar estas cuestións botouse man do “potencial” (cfr. para o esp. R.A.E., 1931) ou do “terceiro modo” de *posterioridade-posibilidade* (para o esp. concebido por Alarcos, 1959; aplicado ó gal. por Porto, 1972), co que o *indicativo* se vía privado da forma que realizaba o *pos-pretérito* ou tal valor era supeditado a estes novos modos.

Acepta-la idea da dobre noción modal plantexa a cuestión dunha maneira máis sinxela: dentro de cada un dos subsistemas *indicativo* e *subxuntivo* unha mesma expresión pode representar máis dunha función temporal ó tempo que representa máis dun valor modal con arreglo á segunda noción. O *potencial* pode ser unha realidade, pero o inadmisíbel é situalo á mesma altura que *indicativo* e *subxuntivo*: a oposición entre estes dous *modos* establécese en canto á primeira noción modal, en tanto que os valores irrealis ou de incertidume de *cantaría* son definidos con arreglo á segunda noción dentro do *indicativo*.

O feito de que unha mesma expresión poida representar máis dun valor temporalmente distintivo ó tempo que cambia de valor modal é algo que confire unha enorme economía ó sistema por aumenta-la rentabilidade das formas. Rojo (1974) estudiou este fenómeno no verbo español falando de *dislocación* do sistema temporal (cfr., 1974: § 5), teoría que distingue un valor temporal *recto* para cada forma –valores temporais que corresponden ás realizacións das formas cando expresan os contidos modais de *indicativo* \emptyset ou *subxuntivo* \emptyset – e uns valores *dislocados*, obtidos por algunha alteración sobre o valor *recto* e que conducen ás significacións modais de incertidume e irrealidade¹⁹. En conclusión, admitindo

¹⁹ A teoría da *dislocación* de Rojo (1974) recórdanos algúns dos usos *metafóricos* sinalados por Bello (1841: §§ 113 ss.; 1857: §§ 685 ss.) para algunhas formas, así como as *migratory forms* de Bull (1960: 60-2).

a dobre noción modal comprendemos que en galego —e español— a traída e levada forma *cantaría* pertence tanto ó *indicativo 0*, onde representa un valor temporal de *pos-pretérito*, como ó *indicativo 1* e *indicativo 2*, funcións modais ás que pasa a se integrar cando realiza outros valores temporais. O valor modal dos *indicativos 1* e *2* foi o responsable da aparición do *potencial* ou *condicional* e teorías polo estilo.

A estruturación temporal dos nosos cinco *modos* non é uniforme: o *indicativo 0* presenta tódalas oposicións temporais do sistema, que veremos no § 3.1.; o *subxuntivo 0*, como é ben sabido, xa non distingue o *presente* do *futuro* —entre outras neutralizacións—, o mesmo sucede co *indicativo 1*. *Indicativo* e *subxuntivo irrealis* non parecen presentar no galego de hoxe ningunha oposición temporal no seu seo²⁰.

2.2. Funcións modais no verbo latino

A vista de calquera gramática latina sabemos que nos atopamos ante un sistema no que de entrada podemos delimitar dous “modos” ou series de formas entre os significados das cales existe oposición e que son doadamente identificables por criterios como o xa citado da rección (cfr. nota 17). Estas dúas series son o *indicativo* e o *subxuntivo*, a primeira das cales engloba as expresións *canto*, *cantabo*, *cantabam*, *cantavi*, *cantavero*, *cantaveram*, e a segunda *cantem*, *cantarem*, *cantaverim*, *cantavissem*.

As correspondencias temporais entre ámbolos *modos* son ben comprobables, por exemplo, construíndo interrogativas indirectas para empregármolo “subxuntivo de subordinación”. Así, temos: “nescio: quid *habeo/habebo*?” → “nescio quid *habeam*”, “nescio: quid *habui/habuero*?” → “nescio quid *habuerim*”; “nescii: quid *habeo*?” → “nescii quid *haberem*”; “nescii: quid *habui*?” → “nescii quid *habuissem*”. Daquí xa obtemos de entrada as equivalencias temporais *indicativo canto/cantabo* = *subxuntivo cantem*; *indicativo cantavi/cantavero* = *subxuntivo cantaverim*. En canto ás dúas últimas correspondencias, os exemplos de interrogativas directas en que situamos un “*perfectum*”, *nescii*, esixen, para marcaren nas indirectas a *correlación temporal* e sinalaren respecto de *nescii* a relación de si-

²⁰ En castelán os dous *modos irrealis*, *indicativo 2* e *subxuntivo 2* presentan unha oposición temporal, respectivamente marcada por *cantaría/habría cantado* e *cantara ~ -se/hubiera ~ -se cantado*, na que as formas compostas supoñen o termo marcado, indicando unha relación temporal primaria de *anterioridade* a calquera referencia. O galego antigo distinguía, cremos, no *indicativo 2* esta mesma oposición, en virtude das formas *cantaría/cantara*, pero na lingua moderna parece que desapareceu tal distinción, deixándose de empregar *cantara*.

multaneidade ou anterioridade que respecto de *nescio* expresan *canto* e *cantavi*, a aparición de formas que representen o valor temporal de *co-pretérito* (= “*imperfecto*”) e *ante-pretérito* (“*pluscuamperfecto*”) respectivamente, valores representados en *indicativo* por *cantabam* e *cantaveram*, co que comprobámo-las equivalencias temporais *indicativo cantabam* = *subxuntivo cantarem*; *indicativo cantaveram* = *subxuntivo cantavissem*²¹.

Tal como sucedía co galego, a oposición *indicativo/subxuntivo* presenta *realizacións* moi diferentes —aínda máis en latín ca en galego—, polo que hai autores que defenden a existencia de cando menos dous *subxuntivos*²², pero formalmente operaremos, de acordo co noso método, con tantos como a conmutación en igualdade temporal nos permita diferenciar, de maneira que —para os propósitos deste traballo— os *subxuntivos de volonte* e *de possibilité* de que fala Touratier (cfr. nota anterior), poñamos por exemplo, serán vistos como unha soa unidade.

Pero procedendo por conmutación, temos dentro do *subxuntivo* unha oposición sinalable a igualdade de realización temporal. Conmutando en exemplos como “*utinam nunc argentum habeat/haberet*”²³, situámonos ante o feito de que a oposición *cantarem/cantem* cando as dúas formas expresan un mesmo contido temporal *presente*, transfórmase nunha oposición *irrealidade/non irrealidade*, comprobando que *cantarem*, que en “*nescii quid haberem*” representa unha relación *co-pretérito* (= “*imperfecto*”), nestes casos representa unha relación *presente*²⁴ engadindo un contido de irrealidade. O mesmo sucede noutras realizacións temporais para outras formas do *subxuntivo*; así, *cantavissem*, que en “*nescii quid habuissem*” expresaba unha relación de *ante-pretérito* (= *pluscuamperfecto*), en “*utinam tunc pecuniam habuissem*” representa unha relación *pretérito*²⁵ cunha significación de irrealidade.

²¹ A terminoloxía ó estilo de Bello e as consideracións temporais que adiante-mos corresponden á teoría que exporemos en § 3 (especialmente para o latín § 3.2.). Cando empreguemos unha etiqueta “tradicional” usarémo-las comillas, ex.: “*imperfecto*”.

²² En calquera gramática latina de corte tradicional aparecen enumerados os variados empregos do *subxuntivo*. Touratier (1977-82) defende a existencia de dous valores diferenciados para o *subxuntivo*, un valor *de volonte* e un valor *de possibilité*, e argumenta na liña de mostra-la imposibilidade de interpretar estes valores como realizacións dun morfema único.

²³ Exemplos recollidos de Vairel (1981: 311, nota 1).

²⁴ Ou tamén *futuro*, pois *presente* e *futuro* só se opoñan en *indicativo*.

²⁵ Consecuentemente co exposto na nota anterior, tamén *ante-futuro*, valor só funcional en *indicativo*, onde o representa *cantavero*.

Confrontando cos feitos do galego e aplicando a mesma metodoloxía é claro que o que temos en latín clásico é tamén unha *doble noción modal*:

a) A primeira noción modal opón *indicativo* a *subxuntivo*. As realizacións son múltiples, pero tódolos autores parecen concordar en adxudicar ó indicativo a significación de *modus realis*.

b) A segunda noción modal opón dentro do *subxuntivo* dous “modos” a outro nivel, tradicionalmente etiquetados como *potentialis* e *irrealis*. Notemos que o *irrealis* emprega dúas das formas pertencentes ó *potentialis*, pero redistribuíndo o seu contido temporal (cfr. o concepto de *dislocación* que citamos para o galego en § 2.1.).

Deste xeito, a conmutación demostra a existencia de, fronte a cinco en galego, só tres funcións modais no latín clásico. Pero a visión aquí esbozada da dobre noción básica no modo latino require —cremos— que fagamos algún comentario á visión de certos autores.

Lisardo Rubio (1968, cfr. 1983: 234 ss.) supuxo tamén unha estruturación do modo latino en dous eixos. Un destes eixos estaría constituído pola diferenciación entre tres *modalidades de frase* (*lóxica afirmativa*, *lóxica interrogativa* e *impresiva*, cfr. *uenit./uenit?/uenit!*), modalidades que inciden no verbo *desde fóra* (cfr. Rubio, 1968: 79; 1983: 237), polo que non forman parte da estrutura do sistema verbal e quedan ó marxe dun estudio coma o noso. O segundo eixo supón a triple oposición *real/potencial/irreal* (cfr. *pater uenit/ueniat/ueniret*, 1968: § IV; 1983: 242-4), isto é, a comprobación da oposición entre tres significantes realizando un mesmo valor temporal. Pero esta interpretación presenta unha deficiencia notoria: supón de feito *unha única noción modal* inherente ó sistema verbal; Rubio non sinala que a diferenciación entre os contidos representados polos tres significantes non proceda dunha soa oposición senón de dúas xerarquizadas; nunha palabra, non recolle a unidade *subxuntivo* como termo dunha oposición modal. Que *potentialis* e *irrealis* se diferencian no seo dunha unidade que os comprende próbase polo singular reparto temporal antes sinalado para as súas formas, aparte da sinxela comprobación da “rección”. Máis importante é constatar como a oposición *potentialis/irrealis* é independente de *indicativo/subxuntivo* por un procedemento como o seguinte: en circunstancias que esixan o *subxuntivo de subordinación* a oposición de irrealidade pode seguir vixente, o que proba que *potentialis* e *irrealis* son *subxuntivo*; pensemos nun caso como “dico quid *fecerim*”/“dico quid *fecissem*” cando tanto *fecerim* como *fe-*

cissem representan un mesmo valor temporal de *pretérito* (esp. “digo qué *hice/habría hecho*”)²⁶.

Este feito condúcenos a analizar unha consideración de Mariner (1965). Este autor si advirte a diferenza de noción modal en canto á oposición *irreal/potencial* e á do conxunto de ambos fronte ó *indicativo* (1965: 55); con todo, non admite a existencia da unidade *subxuntivo* como tal, senón que se refire a esta como *archivalor de potencial/irreal* (1965: 58) pretendendo que, por exemplo, na subordinación existe unha previa neutralización da oposición *potencial/irreal*. Esta afirmación é contraria ó que expuxemos no párrafo anterior, pero parece cumprirse no exemplo que el propón: *nesciebam quid facerem* pode corresponder ós “estilos directos” *nesciebam: quid facio?/quid faciam?/quid facerem?*²⁷; a razón é doadamente comprensible: Mariner exemplifica cun *facerem* (en *nesciebam quid facerem*) en realización temporal de *co-pretérito* (= “*imperfecto*”), e este é o valor de *facerem* no *potentialis* ou *non irrealis* (o seu valor *recto* na terminoloxía de Rojo, 1974, cfr. nota 20), mentres que a mesma forma só pode *marcar* irrealidade cando funciona como *presente* ou *futuro* (valores *dislocados* según Rojo, *op. cit.*); desta maneira o *co-pretérito* (= “*imperfecto*”) do *irrealis* non pode aparecer representado senón polo mesmo *facerem*, co que non se pode *marcar* irrealidade nesta realización temporal. Polo contrario, no noso exemplo *dico quid fecerim/fecissem*, o valor *pretérito* (= “*perfecto*”) de *fecerim* no *potentialis* non corresponde a unha forma “*dislocable*” (*cantaverim* non pertence ó *irrealis*), polo que o *pretérito* do *irrealis* aparece representado por un significante distinto, *cantavissem*, e a oposición manténse.

Así, o valor temporal *co-pretérito* é posición de neutralización *irreal/non irreal*, pero non o valor temporal *pretérito*; a neutralización, pois, non ten nada que ver coa subordinación nin co estilo indirecto, mentres que a oposición *indicativo/subxuntivo* si se anula nestes casos por inflexión. Comprobamos que a neutralización das dúas nocións básicas pode ser independente e unha non funcionar onde a outra se mantén.

A actuación da nosa dobre noción básica nas prótases condicionais con *si* foi recentemente analizada por H. Vairel (1981). Esta autora comprobou a existencia na tríada *si di sunt/sint/essent* de dúas dicotomías

²⁶ Pola súa maior precisión temporal preferiremos empregar exemplos en español cando desexemos unha interpretación segura a primeira vista.

²⁷ Nos exemplos citados Mariner emprega *nescio*, preferimos situar xa no pasado o verbo que introduce as interrogativas directas para que a “transformación” en indirectas se faga sen termos que altera-lo tempo do verbo principal.

xerarquizadas: a primeira, marcada por *si* + *indicativo*/*si* + *subxuntivo*, tradúcese en *absence de prise de position/présence d'une prise de position* (1981: 296), e esta *prise de position* consiste en interpretar que a condición non é real. Así, nas prótases condicionais funciona primeiro unha oposición *indicativo/subxuntivo* que conduce a unha alternancia de contido modal *real/non real*. A segunda oposición sinalada por Vairel ten lugar dentro do *subxuntivo* e aparece marcada para o valor temporal *presente-futuro* pola alternancia *si di sint/essent* (en *pretérito* a alternancia será *si di fuerint/fuissent*). Esta alternancia tradúcese nunha marca positiva de irrealidade para *si di essent*, de modo que esta forma non só expresa que a condición non é *real*, senón que afirma a súa irrealidade, “il la donne comme étant non-réelle” (1981: 303).

Estes datos concordan de entrada co que levamos exposto para o sistema verbal latino: existencia de dúas oposicións *modais* xerarquizadas. Pero onde diferimos da interpretación de Vairel é precisamente na entidade que otorga á propiedade distintiva desta oposición: mentres que de acordo cos nosos métodos consideramos que se trata de dous tipos de oposición *modal* —comprobado isto en igualdade de realización temporal— Vairel mantén que a primeira oposición, *indicativo/subxuntivo*, é modal, en tanto que a segunda, *subxuntivo irreal/subxuntivo non irreal*, é definida por esta autora como *temporelle* (cfr. 1981: 298).

E evidente que Vairel emprega a etiqueta *temporelle* nunha significación diferente á que nós lle estamos asignando. A primeira vista, a tradicional concepción do que son “modos” e “tempos” no verbo préstase a unha terminoloxía como a de Vairel: *indicativo* e *subxuntivo* son distintos “modos”, mentres que *cantem* e *cantarem* son distintos “tempos”. Pero a marca da oposición *si di sint/essent* non é unha diferente orientación temporal (as dúas formas representan aquí o mesmo contido *presente-futuro*), senón que consiste no rasgo *irrealidade/non irrealidade*, noción, por suposto, non temporal, senón modal. Chegamos unha vez máis a mencionala teoría da *dislocación* temporal tal como a expón Rojo (1974), de acordo coa cal, no *subxuntivo* latino *cantarem* e *cantavissem* representan uns valores *rectos* de *co-pretérito* e *ante-pretérito* respectivamente, en tanto que se son empregadas as mesmas expresións para representaren outros contidos temporais determinados (*presente-futuro* e *pretérito-ante-futuro* respectivamente) adquiren unha significación *modal* nova: a *irrealidade*. Desde o punto de vista do sistema, o importante é o feito da oposición *modal* existente entre *si di sint/essent* en igualdade de contido temporal *presente-futuro*; a idea de *dislocación* non é senón

a explicación de por que é *cantarem* e non outra forma quen representa o *presente* do *irrealis*. Centrarse na idea de *dislocación* en troques de busca-los contidos modais por conmutación supón conceder maior importancia á noción de *temporalidade* cá de *modo*, e no noso plantexamento ámbalas dúas deben ocupar lugares de parella importancia.

A explicación de Vairel centrouse visiblemente no *tempo*. Desde unha perspectiva guillaumiana a citada autora supón que *cantarem* expresa no sistema un valor de alonxamento que explica tanto a *moindre actualité* que expresa esta forma cando realiza o seu *valor recto*, como o de *moindre actualisation*, responsable da *irréalité* que expresa nos seus *usos dislocados* (cfr. 1981: 316). Con todo, Vairel recoñece (*ibid.*) que mentres que o primeiro *éloignement* (= valor *passé*) é *temporel*, o segundo *éloignement* (= valor *irréel*) é modal (*ibid.*)²⁸, co que recoñece implicitamente as dificultades provocadas pola equívoca etiqueta *opposition temporelle*. Mantemos que, sendo *tempo* e *modo* dúas nocións de manifestación amalgamada, diferencias temporais estableceráanse en igualdade modal e viceversa; defini-lo vínculo entre os diversos valores modais + temporais expresados por unha mesma forma (= explica-las *dislocacións*) é algo que debe vir *a posteriori*.

Concluindo, o sistema verbal do latín clásico estruturábase modalmente en tres funcións delimitadas pola actuación dunha dobre noción básica. A primeira oposición, *indicativo/subxuntivo* aílla xa unha función modal, a representada polo *indicativo*; a segunda noción opón o *subxuntivo irreal* ó *non irreal*, *subxuntivos* comparables respectivamente ós *subxuntivo 2* e *subxuntivo* ∅ que sinalamos no verbo galego.

2.3. Aspectos da evolución latín > galego en canto á estruturación modal

No paso dun sistema modal de tres funcións a outro de cinco é evi-

²⁸ Reproducímo-lo párrafo aludido: “Dans cet emploi, la valeur de passé que possède fondamentalement la forme verbale mise en jeu sert à marquer, au niveau du discours, non un éloignement par rapport à l’actuel au sens temporel, c’est-à-dire le passé (*moindre actualité*), mais un éloignement par rapport à l’actuel au sens modal, c’est-à-dire en moindre degré de réalité (*moindre actualisation*). Cette seconde utilisation représente un emploi figuré –soumis, en tant que tel, à diverses limitations (morphologiques, sémantiques, syntaxiques)” (Vairel, 1981: 316). O *éloignement* vese, pois, interpretable tanto *au sens temporel* como *au sens modal*, o que xa nos pon na pista de que non se trata nos dous casos dun mesmo fenómeno *temporal*. Para ver máis clara a dificultade de tal interpretación, sinalamos que a propia Vairel máis adiante constata que o propio *subxuntivo* indica un grado de *désactualisation* (1981: 318) ¿onde está, logo, o carácter univocamente *temporal* deste concepto?

dente que o fundamental será estudia-lo xurdimento e desenvolvemento das novas funcións. A confrontación entre os dous sistemas móstranos que tanto no clásico como no galego, existe unha dobre noción modal; as diferencias latín/galego máis externas, á vista do exposto nos apartados anteriores son as seguintes:

a) A segunda noción modal funciona en latín unicamente dentro do *modo* que de acordo coa primeira noción identificamos como *subxuntivo*, mentres que en galego actúa tamén en *indicativo*.

b) A segunda noción modal funciona en latín nunha única dicotomía *irrealidade/non irrealidade*, en galego esta mesma é a súa actuación no *subxuntivo*, mentres que no *indicativo* dá lugar a unha triple oposición *realidade/incertidume/irrealidade*.

En canto ás similitudes, unha sobre todo é fundamental: a segunda noción modal en calquera das súas actuacións en latín ou galego ten lugar sempre entre formas dun mesmo *modo* no sentido da primeira, véndose que as oposicións correspondentes a esta segunda son marcadas mediante unha redistribución nos valores temporais expresados polas mesmas formas (*dislocación*).

O aspecto máis notorio da evolución modal latín > galego é, polo tanto, a ampliación do terreo de actuación da segunda noción, ou, na óptica de Rojo (1974), a ampliación da actuación da *dislocación* temporal. Esta ampliación pódese explicar unicamente considerando o desenrolo dunha nova función temporal que nacería no latín vulgar e que estudiaremos no capítulo seguinte, unha función temporal só delimitable no *indicativo* \emptyset . Referímonos á función *pos-pretérito*, que nacería xusto cando se temporalizase o valor da perífrase *cantare habebam*, orixe do galego *cantaría*.

Da singular importancia que no terreo temporal tivo o xurdimento de *cantare habebam* > *cantaría* para o verbo proto-románico falaremos abondo máis adiante (§§ 3.4.); no aspecto modal o relevante é como a nova forma pasou de contado a marcar —con valores temporais distintos ó *recto* de *pos-pretérito*— significacións *modais* referidas á segunda noción básica, esta vez, claro, no *indicativo*: a significación de *incertidume* (ex. “*serían* as catro cando cheguei”) e a de *irrealidade* (ex. *daríacho* se o tivese”).

Vexámo-las orixes do *indicativo I* ou de *incertidume*. Nunhá lingua de grande precisión temporal como o español esta función modal presenta unha cuádruple estruturación temporal a cargo dos significantes

realizados nas expresións *cantaré*, *cantaría* e os seus compostos. Deste xeito en español vese a oposición *indicativo* \emptyset / *I* (*real/incerto*) en *presente* (“*son/serán* las cuatro”), en *co-pretérito* (“*eran/serían* las cuatro”), en *pretérito* (“*murió/moriría* hace más de diez años”), en *ante-presente* (“*ha llegado/habrá llegado* cansado”) ou en *ante-pretérito* (“en aquella época ya lo *había terminado/habría terminado*”). Pola contra os contidos temporais en que intervén unha noción de *posterioridade* (que constitúen os *valores rectos* das formas que integran o *indicativo I*, supoñen evidentemente posicións de neutralización: o *futuro* correspondente tanto a “ahora *son* las cuatro” como a “ahora *serán* las cuatro” é “mañana a estas horas *serán* las cuatro” (o mesmo sucede en *pos-pretérito*, *ante-futuro* e *ante-pos-pretérito*).

En galego, sen “tempos compostos”, *cantarei* opónse no *presente* a *canto*, e *cantaría* no *co-pretérito*, *pretérito* e *ante-pretérito* a *cantaba*, *cantei* e *cantara* respectivamente. *Futuro* e *pos-pretérito* son posicións de neutralización.

Pois ben, en latín clásico, antes da aparición de *cantare habebam*, era imposible constituír unha función modal propiamente dita, cos seus “tempos”, consistente nun *indicativo I*. A única forma para a que hai rexistrados empregos de incertidume en *dislocación* deste tipo é o *futuro cantabo*: “haec *erit* bono genere nata” ‘esta *será* [= probablemente é] de boa familia’²⁹. Estructuralmente podemos concluír que *cantavero* debía admitir empregos semellantes como *ante-presente* de incertidume; pero o certo é que, se ben no *presente* era posible marcar así a incertidume ou probabilidade, non era posible tal cousa na esfera do “pasado” e non o sería en tanto *cantare habeo* e *cantare habebam* non funcionasen no sistema. Así, a función modal de *indicativo I* aparece embrionaria no latín, pero non nos atrevemos a consignala como en galego, posto que non podía abarcar unha parte minimamente esixible do espectro temporal.

Pasemos a ve-lo desenrolo do *indicativo 2* ou *indicativo irreal*. Para empezar, o feito de que na lingua clásica a irrealidade funcionase como distintiva só no *subxuntivo* facía que transmitindo este contido fose imposible plasmar calquera diferenza dimanante da oposición *indicativo/subxuntivo*. Onde o galego, por exemplo, distingue “os amigos que agora me *escoitarían*” de “os amigos que agora me *escoitasen*”, o latín facía confluír ámbalas significacións nun mesmo “*amici qui nunc auscultarent me*”.

²⁹ Exemplo de Plauto, *apud* Bassols (1956: I, § 325), que o chama “futuro potencial”.

Así, a aparición de *cantare habebam* é de capital importancia para a oposición *irrealidade/non irrealidade*, xa que permitiu que tal oposición funcionase á vez no *subxuntivo* (onde xa existía) e no *indicativo*, co que as dúas oposicións pasaron a actuar entrecruzadamente e a permiti-las precisións modais en que o romance avanta ó latín —como comprobamos co exemplo anterior—.

Como no caso do *indicativo 1*, os empregos *irreais* de formas de *indicativo* comencan a aparecer no latín clásico. É coñecido o caso da aparición de *cantaveram* como “irreal de pasado”: “*perierat imperium, ... si Fabius tantum ausus esset, quantum suadebat*”³⁰, onde *perierat* mostra o mesmo valor que nos romances ten o *indicativo irreal*, non o *subxuntivo irreal*³¹. En calquera caso, só a aparición de *cantare habebam* > *cantaría* nos autoriza a supor unha función modal de *indicativo 2*, dentro da cal non haxa lagoas temporais, aínda que si, por suposto, posicións de neutralización modal.

En resume, a aparición da forma *cantaría*, as repercusións temporais da cal imos ver no capítulo seguinte, supuxo no sistema modal o desenrolo da segunda noción básica, que dun lado deixou de funcionar exclusivamente no *subxuntivo* e doutro desenrolou no *indicativo* non unha, senón dúas novas funcións modais, marcadas polos rasgos de *irrealidade* e *incertidume*. O sistema modal galego é basicamente o mesmo dos romances occidentais.

3. O SISTEMA TEMPORAL

En habituais etiquetas como *tempo verbal* ou *tempos verbais* está presente a idea de que as significacións gramaticalmente *temporais* gardan relación do fenómeno físico do *tempo*. As relacións entre tempo físico e tempo gramatical existen de feito, pero con frecuencia tense pretendido identificar estrictamente os dous conceptos por camiños equivocados. Como no caso das funcións modais, se a temporalidade constitúe unha noción pertinente na estruturación do sistema verbal, calquera consideración empírica ou impresionista debe someterse a razóns de estrutura: a temporalidade como noción pertinente no sistema debe supor oposicións

³⁰ Exemplo de Séneca, *apud* Togeby (1966: 176).

³¹ Quizais haxa que incluír tamén como *irreal* o chamado “imperfecto de cortesía”: “*quid quaeritas?: Demaenetum volebam*” (Bassols, 1956: I, § 306, comparable, por exemplo, ó castelán e galego “¿que quería?”, que Rojo (1974: § 5.3.2.) interpreta como *dislocación*).

significativas que se manifesten no significante, oposicións entre signos que deberán buscarse, como dixemos en § 1.2., por conmutación a igualdade modal. A noción temporal, como a noción modal, deberá estruturar un sistema de funcións.

A explicación do fenómeno lingüístico coñecido por *temporalidade verbal* como simple transposición do tempo físico é sinxelamente imposible. A gramática latina, enfrentándose a un sistema verbal que externamente propiciaba unha interpretación así, familiarizounos coa teoría varroniana dos *tria tempora*, que presentaba o tempo verbal como unha especie de expresión lingüística do tempo físico, de modo que as formas do verbo transmitirían un dos tres contidos *presente*, *pasado* ou *futuro*. Esta visión é inaplicable a calquera lingua romance moderna —os sistemas románicos son netamente máis complexos có latino—, mesmo ó galego, o máis simple; pero non só iso: hoxe por hoxe sabemos ben que nin xiquera o funcionamento do verbo latino é explicable mediante unha simple tripartición temporal, cuestión que veremos máis adiante (§ 3.2.).

Para Benveniste (1966), a temporalidade lingüística (*temps linguistique*) caracterízase por prestar atención principal á orientación, a expresar que un acontecemento é anterior, simultáneo ou posterior a outro³². A concepción da temporalidade verbal como unha estruturación de orientacións relativas que en último termo conduzan a un mesmo punto de referencia foi exposta e desenrolada para os feitos do verbo español por Rojo (1974), quen, reelaborando tamén a interpretación vectorial das relacións temporais adiantada por Bull (1960), veu a confirmar moitas das consideracións que hai máis dun século expresara Bello (1841) sobre os tempos verbais. Rojo mostrou como os valores temporais dos signos verbais deben buscarse mediante o xogo de tres tipos de *vectores* neste caso interpretados como orientacións temporais: o vector oV —que indica simultaneidade—, o vector $+V$ —que indica posterioridade— e o vector $-V$ —que indica anterioridade—. Desta maneira, algúns signos verbais caracterizan a súa función temporal por expresaren unha relación primaria de simultaneidade, isto é, por expresaren simultaneidade a algunha referencia; así, por exemplo, en galego o *presente canto* expresa, en principio, un acontecemento que interpretamos como simultáneo a unha referencia xeralmente coincidente co momento da fala: “o Xan *está* na Coruña”, en tanto que o *co-pretérito cantaba* expresa un acontecemento como simultáneo a unha referencia pasada : “dixéronme que o Xan *estaba* na Coruña”. A

³² Opinión recollida e comentada en Rojo (1974: § 1.2.).

teoría de Bull (1960) distinguiría neste caso unha simultaneidade ó *point present* (*PP*), identificado co “presente” teórico, e unha simultaneidade ó *retrospective point* (*RP*), punto de referencia situado no pasado³³; unha grande aportación de Rojo (1974) é rexeita-la idea de dous puntos de referencia diferentes, *PP* e *RP*, para establecer que non hai senón un *punto orixe*, 0, respecto do cal directa ou indirectamente son orientados os vectores temporais. Así, nos exemplos anteriores, *vive* expresa unha relación 0oV, isto é, a simultaneidade (oV) ó punto 0 (orixe) en tanto que *vivía* expresa unha relación (0-V)oV, isto é, simultaneidade (oV) a unha referencia (-V) que á súa vez se orienta como anterior ó punto orixe. Rojo destacou tamén que o punto orixe non ten por que coincidir forzosa-mente co momento da fala, aínda que así sexa en condicións normais; o coñecido caso do *presente histórico* supón unha retrotracción ó pasado deste punto orixe, e non un uso de *presente* por *pretérito* como tantas veces se ten dito³⁴.

³³ Parecida é a teoría aplicada ó verbo galego por X. Xove (1982), quen enfoca a triple alternancia vectorial -V/oV/+V sobre dous planos, *actual* e *inactual* (*PA* e *PI*), comparables tamén *grosso modo* ós dous planos de Coseriu (1978).

³⁴ Para Rojo o *presente histórico* “consiste en el abandono momentáneo de la localización normal del origen para trasladarlo a un punto anterior al que ocupaba inicialmente. No se trata entonces de la alteración del valor 0oV de la forma, sino de un cambio de perspectiva: el origen se desplaza a un punto más o menos remotamente anterior al que le correspondería en el supuesto de su identificación con el momento a que se refiere un cierto acontecimiento y, como es lógico, las formas verbales, que mantienen la misma relación con el origen, se ven arrastradas por el desplazamiento de éste” (1974: 96). Sobre o *presente histórico* véñense mantendo habitualmente dúas afirmacións que nos parecen totalmente falsas:

a) O *presente histórico* consistiría nun uso de *presente* por *pretérito*, simétrico no pasado do *praesens pro futuro*. A invalidez de tal argumento xa foi probada por Rojo (*ibid.*) cos feitos do español: o *presente pro futuro* forma parte dun fenómeno máis xeral –neutralización da oposición posterioridade/non posterioridade, como veremos máis adiante– que engloba en castelán o uso de *cantaba* por *cantaría* e de *he cantado* e *había cantado* por *habré cantado* e *habría cantado* respectivamente; supoñer que o *presente histórico* é un uso dunha forma de simultaneidade para representar anterioridade –simetricamente ó caso anterior de simultaneidade por posterioridade– debería implicar un parello comportamento de *cantaba* para pasar a indicar “historicamente” a anterioridade ó pasado, e isto, evidentemente non é así.

b) O uso *histórico* sería consecuencia e proba do carácter de “tempo neutro” no sistema do *presente de indicativo*. Esta afirmación desmóntase completamente comprobando que non é só *canto*, senón toda unha serie de signos verbais os que admiten o desprazamento “histórico”, co que a hipótese da “neutralidade” non ten razón de ser. Xa Bello (1841: §§ 116-23, 1857: §§ 685-7) mostrou para o castelán como as formas de *indicativo canto. cantaré* e os seus compostos admiten este uso:

3.1. Funcións temporais no verbo galego

E doado establecérmolas realizacións temporais principais das *formas* da conxugación galega. Pero desde a nosa postura funcionalista o importante é determinármolas *funcións*, ou sexa, onde están os rasgos significativos distintivos que caracterizan o valor temporal de cada signo verbal. Estes rasgos serán postos de manifesto pola conmutación, que, segundo os nosos presupostos (cfr. § 1.2.) terá lugar en identidade de realización modal. Imos traballar cos signos integrantes do *indicativo* \emptyset ou *real*, por ser esta a función modal que presenta os feitos temporais con maior claridade: adiantemos que é o *indicativo* \emptyset o único *modo* que diferencia tódalas funcións temporais no galego e que isto sucede tamén nos demais romances; idéntica era a situación do *indicativo* latino, co cal traballaremos nos subapartados seguintes.

Aplicando ó galego as formulacións vectoriais de Rojo, observamos que as formas *canto*, *cantarei* e *cantei* expresan polo xeral a simultaneidade, posterioridade e anterioridade respectivamente ó punto 0, sendo as naturais expresións de feitos *presentes*, *futuros*, e *pasados*, como podemos observar en “o Xan *vive* na Coruña”/“o Xan *vivirá* na Coruña o ano que vén”/“o Xan *viviu* na Coruña o ano pasado”. As fórmulas que corresponden a estas tres realizacións temporais son 0oV, 0+V e 0–V nesta orde.

Parellamente, as formas *cantaba*, *cantaría* e *cantara* expresan respectivamente a simultaneidade, posterioridade e anterioridade a (0–V), ou sexa, a unha referencia anterior á orixe. E doado comprobarmos estes valores na subordinación sustantiva cando o verbo principal aparece en *pretérito* e estas son as formas subordinadas: “díxome que *vivía* na Coruña”/“díxome que *viviría* na Coruña o ano seguinte”/“díxome que *vivira* na Coruña o ano anterior”; neste caso, *vivía*, *viviría* e *vivira* expresan respectivamente unha orientación *primaria* de simultaneidade, posterioridade e anterioridade a unha referencia (0–V) representada polo *preté-*

un exemplo como “ayer lo *encontré* en la calle y me *dijo* que *había estado* enfermo, pero que en pocos días se *habría recuperado* totalmente y *haría* el viaje previsto”, empregando a perspectiva do *presente histórico* transformaríase en “ayer lo *encuentro* en la calle y me *dice* que *ha estado* enfermo, pero que en pocos días se *habrá recuperado* y *hará* el viaje previsto”. Por suposto, nos outros modos tamén hai “tempos históricos”. Anticipando a visión temporal que presentaremos neste traballo (cfr. *infra*) diremos que tódolos signos nos valores temporais dos cales non figure unha referencia orixinaria (0–V) admiten o desprazamento “histórico” da orixe, co que servirán para “reorientar” temporalmente accións que na perspectiva normal se expresarían mediante signos de anterioridade orixinaria.

rito rexente *dixo*, co que as súas formulacións temporais respectivas serán (0-V)oV, (0-V)+V, (0-V)-V. É importante sinalar que, se ben a *corrección temporal* que ten lugar nos exemplos aducidos constitúe o caso máis claro para mostra-lo valor temporal de *cantaba*, *cantaría* e *cantara* no *indicativo* \emptyset (e de aí a etiqueta *tempos relativos* que desde o latín recibiron formas así empregadas), non é necesario que a referencia de anterioridade (0-V) apareza representada por un verbo sintácticamente principal. Nun anterior traballo (Veiga, 1983: § 2) xa recalcamos este feito e propuxémo-lo exemplo “nesta casa *vivían* os meus pais e *nacería* eu, tamén *viviran* nela os meus avós” para mostrarmos como as formas en cursiva expresan respectivamente simultaneidade, posterioridade e anterioridade a unha referencia abstracta (0-V) non representada no discurso por elemento ningún³⁵. A realización temporal destas tres formas é idéntica nos exemplos anteriores de subordinación e neste exemplo onde as tres son verbos principais, co que se comproba que o valor temporal destes signos verbais é —non podía ser doutro modo— previo á súa aparición no discurso e ás circunstancias sintácticas: a referencia (0-V) *pode* aparecer representada por un verbo principal en “pasado”, pero aínda que así non sexa *existe sempre na función temporal destes signos*. Cremos importante insistirmos nisto, pois cabería dúbida imprudentemente desta “proba do estilo indirecto” como comprobación do valor temporal dos “tempos relativos”. Tal comprobación é, como vemos, válida por remitir a un feito de sistema.

Voltando coas formas de *indicativo* \emptyset *canto*, *cantarei* e *cantei*, atopamos que nos exemplos antes vistos, por remitiren o seu valor directamente á orixe, poden considerarse, e así faría a gramática tradicional, como “tempos absolutos”, consideración que, como apuntou Rojo (1974: 83) para os feitos do español, debe ser entendida máis ben como tempos relativos en primeiro grado, relativos directamente ó punto 0, posto que a orientación vectorial é sempre relativa (en palabras de S. Fleischman (1982: 11) “the crucial fact about tense is that it is a *deictic* category”). Pero nun traballo noso xa citado (Veiga, 1983) comprobabamos como estas tres formas poden presentar realizacións temporais tamén “relativas” no sentido tradicional do termo, orientando os seus vectores dis-

³⁵ Sobre este punto xa se pronunciou Santamarina (1974), quen emprega a etiqueta *referentes* para estes “tempos” que necesitan un *referendo* non presente e sinala que “El momento de referencia en este caso puede estar expresado por un adverbio, una expresión temporal, un tiempo irreferente o, raras veces, por el contexto extralingüístico” (1974: 103).

tintivos (oV en *canto*, +V en *cantarei* e -V en *cantei*) respecto dunha referencia simultánea ou posterior ó punto 0. O caso máis claro consiste no emprego destas tres formas dependendo dun verbo principal en *futuro*, co que se comproba a orientación relativa de simultaneidade, posterioridade ou anterioridade a tal referencia futura (0+V); así, nos exemplos “mañá dirás que *chove*”/“mañá dirás que *choverá*”/“mañá dirás que *choveu*”, *chove*, *choverá* e *choveu* expresan respectivamente as relacións (0+V)oV, (0+V)+V e (0+V)-V por orientaren os seus vectores primarios tomando como punto de referencia o valor 0+V do verbo principal *dirás*; en cada caso a choiva é enfocada como simultánea, posterior e anterior a *dirás*, independentemente de cal sexa a súa situación respecto do punto orixe³⁶, podemos falar de que nestes casos *canto*, *cantarei* e *cantei* expresan relacións temporais de *co-futuro*, *pos-futuro* e *ante-futuro* respectivamente.

En correspondencia co antes exposto para *cantaba*, etc., estes empregos “relativos” non precisan que a referencia veña forzosamente representada por un verbo sistácticamente principal; así, a realización *ante-futuro* de *cantei*, por exemplo, vese ás claras cando tal referencia vén unicamente precisada por un adverbio: “mañá xa *rematei* o traballo”, ou por unha cláusula subordinada temporal: “cando ti chames, xa *marchei* eu”³⁷, sendo este o caso en que o *cantei* galego serve para traducir un *habré cantado* español.

Seguindo con *cantei*, o seu vector primario de anterioridade, -V, pode aparecer orientado respecto dunha referencia simultánea á orixe, (0oV), caso no cal realizará a fórmula (0oV)-V, correspondente á relación de *ante-presente*. Este é o caso en que *cantei* equivale á realización principal do *he cantado* español: “*entereime* agora” = cast. “me *he enterado* agora”, e así comprobamos como mentres en español 0-V e (0oV)-V son realizacións temporais correspondentes a dúas funcións distintas, representadas en *indicativo* \emptyset por *canté/he cantado*, en galego son realizacións pertencentes a unha única función, representada por *cantei* (función á que tamén pertence, como antes vimos, a realización (0+V)-V).

Tras estas comprobacións podemos encarar xa a estruturación funcional da temporalidade no verbo galego. Vimos como as formas *cantaba*, *cantaría* e *cantara* caracterizan as súas significacións temporais no *indicativo* \emptyset pola presenza de *dous vectores* con función distintiva:

³⁶ Evidentemente nos tres casos a acción representada polo verbo *chover* é “futura” vista desde o momento en que pronunciámo-la sentença.

³⁷ Exemplo recollido de García (1983: 207-8).

a) Un vector *primario*, situado á dereita da fórmula, que representa a primeira relación temporal, relación que é de simultaneidade, $0V$, para *cantaba*; de posterioridade, $+V$, para *cantaría*, e de anterioridade, $-V$, para *cantara*. As funcións temporais destas tres formas opóñense entre elas en virtude dese vector *primario*.

b) Un vector *orixinario*, situado á esquerda da fórmula, que supón a relación temporal directamente enfocada desde o punto orixe, respecto da cal se orientan as demais. Este vector orixinario é sempre de anterioridade, $(0-V)$, e a súa presenza caracteriza distintivamente o conxunto de signos *cantaba-cantaría-cantara* fronte ós demais do *indicativo* \emptyset .

Pola contra, a función temporal dos signos que teñen por expresións a *canto*, *cantarei* e *cantei*, caracterízanse sempre pola presenza obrigatoria dun so vector, e así, estas funcións defíniránse mediante:

a) O vector *primario*, $0V$ para *canto*, $+V$ para *cantarei* e $-V$ para *cantei*. As funcións temporais destes tres signos opóñense entre elas en virtude deste vector *primario*.

b) A ausencia dun vector orixinario de anterioridade $(0-V)$ non coincidente co *primario*, ausencia que caracteriza o conxunto *canto-cantarei-cantei*.

Estes rasgos temporais distintivos explican a visible pluralidade de realizacións que algunhas formas presentan. Os valores $0oV$, $0+V$ e $0-V$ para *canto*, *cantarei* e *cantei* non deixan de se-las respectivas realizacións temporais máis correntes, pero sería totalmente erróneo confundir tales realizacións coas funcións ás que pertencen. Sería enganoso defini-las funcións de *canto*, *cantarei* e *cantei* dicindo que indican simultaneidade, posterioridade e anterioridade á orixe, dado que a relación á orixe non é en si distintiva: o distintivo é a ausencia dunha referencia $(0-V)$.

Resumindo, o sistema temporal do verbo galego queda como segue:

funcións temporais	vectores distintivos	realizacións principais	expresións en <i>indicativo</i> \emptyset
<i>presente</i>	ausencia de (0-V) vector primario oV	0oV (0oV)oV (0+V)oV	<i>canto</i>
<i>futuro</i>	ausencia de (0-V) vector primario +V	0+V (0oV)+V (0+V)+V	<i>cantarei</i>
<i>pretérito</i>	ausencia de (0-V) vector primario -V	0-V (0oV)-V (0+V)-V	<i>cantei</i>
<i>co-pretérito</i>	presencia de (0-V) vector primario oV	(0-V)oV	<i>cantaba</i>
<i>pos-pretérito</i>	presencia de (0-V) vector primario +V	(0-V)+V	<i>cantaría</i>
<i>ante-pretérito</i>	presencia de (0-V) vector primario -V	(0-V)-V	<i>cantara</i>

O que nos conduce a estrutura-lo sistema de acordo cos rasgos distintivos nel funcionais, como se ve no esquema seguinte:

rasgos:		SISTEMA TEMPORAL					
I-a. ± vector primario -V		(-) non anterioridade primaria				(+) anterioridade primaria	
I-b. ± referencia orixinaria (0-V)		(-) non referencia orixinaria (0-V)		(+) referencia orixinaria (0-V)		(-) non refe- rencia orixinaria (0-V)	(+) referencia orixinaria (0-V)
II. ± vector + V		(-) non poste- rioridade	(+) posteriori- dade	(-) non poste- rioridade	(+) posteriori- dade		
funcións temporais	presente	futuro	co-pretérito	pos-pretérito	pretérito	ante-pretérito	
expresións en <i>indicativo</i> \emptyset	<i>canto</i>	<i>cantarei</i>	<i>cantaba</i>	<i>cantaría</i>	<i>cantei</i>	<i>cantara</i>	

A xerarquización das oposicións é doadamente comprobable. En primeiro termo, sinalemos que as dúas primeiras parellas de rasgos, I-a e I-b, son resultado da actuación desdoblada dun mesmo rasgo, presenza/ausencia de vector de anterioridade. Isto permite, por exemplo, que en *subxuntivo* \emptyset a única oposición temporal que funcione sexa precisamente a mencionada presenza/ausencia de vector de anterioridade, de modo que *cantase* ~ *-ra* realiza calquera fórmula en que interveña unha relación de anterioridade (equivale temporalmente ós *indicativos* \emptyset *cantei/cantaba/cantaría/cantara*) e *cante* representa calquera fórmula que non ofrezca esta relación (equivale a *canto/cantarei*). No *indicativo* *I* sucede o mesmo con *cantaría* e *cantarei* respectivamente. Así, fóra do *indicativo* \emptyset , as dúas parellas I-a e I-b actúan conxuntamente nunha mesma oposición I.

Por outra parte, a inferioridade xerárquica da oposición II é doadamente comprobable polo feito de que esta é a oposición máis débil do sistema. Non só funciona unicamente no *indicativo* \emptyset —fóra de aí non se distinguen *presente/futuro* nin *co-pretérito/pos-pretérito*— senón que contextualmente tamén se pode neutralizar este rasgo cando algún elemento externo ou a simple situación indican a posterioridade, caso no cal pode empregarse a expresión do termo non marcado, a forma de simultaneidade, para representa-la relación temporal propia do marcado; este é o caso do *praesens pro futuro*, e do seu paralelo en “pasado”, o uso de *cantaba* por *cantaría*: “mañá *irei/vou* á Coruña”, “dixo que ó día seguinte *iría/ía* á Coruña”. A oposición *posterioridade/non posterioridade* pódese neutralizar en casos en que a oposición *anterioridade/non anterioridade* conserva a súa pertinencia, o que proba a superioridade xerárquica desta última. De paso comprobamos como é o vector oV o termo non marcado das

oposicións entre os tres vectores, sendo o *presente* a función menos caracterizada do sistema —só coñece signos (—)—, en tanto que o *ante-pretérito* é a máis caracterizada —só coñece signos (+)—.

3.2. Estructuración temporal do verbo latino

3.2.1. *Infectum/perfectum*. Funcións temporais no sistema latino

A aplicación da teoría vectorial ós feitos temporais do verbo latino ten que loitar en primeiro termo coa forte inercia da visión bipartita aspectual das dúas series *infectum/perfectum* combinadas cos “*tria tempora*” *presente/pasado/futuro*. Este foi o plantexamento varroniano, un dos puntos de partida da coñecida e aínda defendida por algúns teoría de A. Meillet (cfr., por ex., 1928).

Os feitos morfolóxicos encaixan perfectamente, como sinala H. Vairrel (1978: § IB), co enfoque de supor unha dobre tríada simétrica *cantabam-canto-cantabo (infectum)/cantaveram-cantavi-cantavero (perfectum)*, na que o primeiro elemento de cada terna representa o *pasado*, o segundo o *presente* e o terceiro o *futuro*, opóndose as dúas series pola indicación por parte do *perfectum* da acción como rematada fronte á non compleción sinalada polo *infectum*. Pero tan simétrica disposición nunca encaixou ben coas realizacións detectadas para algunha destas formas; fundamentalmente *cantavi* resistiuse na maioría das súas aparicións a poder ser interpretado de acordo coa visión meilletiana, que nel vía un “presente perfectivo”: só nunha mínima parte das súas aparicións esta forma aparece conectada co tempo *presente*³⁸, mentres que a maioría das veces aparece como *pasado histórico*, de aí que xa os antigos considerasen o *perfecto* latino como equivalente tanto do *perfecto* como do *aoristo* grego. Por esta razón os propios defensores da referida teoría víronse obrigados a romper a armoniosa simetría da dobre tríada. A. Burger, por exemplo, afirmou que “en latin classique le système formel et le système de valeurs ne se recouvrent pas exactement” (1949: 22), ó tempo que engadiu un terceiro aspecto *narratif* só pertinente no tempo *passé* e ó que habería que remiti-los empregos de *cantavi* como nidia forma de “pasado”; parellamente M. Harris (1970) fala dun aspecto *punctual*, tamén limitado

³⁸ Serbat (1976) atopa no *Laelius* de Cicerón un 95% dos *perfectos* expresando “purement et simplement un procès achevé dans le passé, au sens du passé simple français et sans référence explicite au présent” (1976: 341), en tanto que “Une poignée seulement pourrait —du moins en première lecture— être compris comme des “présents du perfectum” (*op. cit.*: 341-2).

ó pasado, e non ten reparos en asignar dúas funcións distintas, *present + perfective* e *past + punctual*, a *cantavi*.

Desde o punto de vista estrictamente temporal —aspecto aparte— esta teoría presenta os signos verbais situando a acción nun momento determinado en troques de reparar na orientación relativa que vimos defendendo neste traballo e que acabamos de expoñer para o verbo galego. Repetimos que os feitos morfolóxicos do latín podían favorecer —xa non digamos, antes do estruturalismo— unha interpretación dos seus significados temporais en termos de *pasado/presente/futuro* sen chegar á acción relativa de *anterioridade/simultaneidade/posterioridade*.

Polo contrario, con referencia á diacronía, coñecendo a realidade dos sistemas románicos, cremos ver con claridade que os feitos temporais tiñan que ter no sistema latino unha importancia maior da que lles atribuíu Meillet. A oposición *infectum/perfectum* como oposición aspectual atoparíase desconectada da realidade dos sistemas herdeiros do latino, onde as formas continuadoras dos valores do *perfectum* ou as que as substituíron —segundo as linguas— expresan unha relación *temporal* de anterioridade primaria (tal é o caso en galego de *cantei* e *cantara*)³⁹. E precisamente en canto á oposición *infectum/perfectum* onde a tese aspectualista foi nos últimos tempos máis discutida e rexeitada por autores⁴⁰ que precisamente enfocan as tres formas do *perfectum* como portadoras dunha significación distintiva temporal que na nosa concepción debe interpretarse como de anterioridade primaria a determinadas referencias. Con relación a isto non deixa de resultar enormemente significativo que os propios meilletianos aludan ó feito de que as formas de *perfectum* actúan moitas veces representando unha acción *anterior* respecto das de *infectum*⁴¹, anterioridade que para estes autores é concomitante (cfr. Burger, 1949: 23; Harris, 1970: 65). Imaxina-lo paso dun sistema aspecto-temporal a un temporal e situar este paso entre o latín tardío e o romance (así fai Harris, 1970, coa evolución latín > francés, cfr. infra § 4) é moito imaxinar, pois unha “revolución” tan grande entre estes estados de lingua non parece verosímil nin os feitos a corroboran. E moito máis

³⁹ En español de *canté* e de tódolos “tempos compostos”, que ocuparon na esfera temporal lugares que en latín correspondían ás formas de *perfectum*.

⁴⁰ Unha relación de traballos situados na liña “temporalista” para a cuestión do *infectum/perfectum* pódese ver en Vairel (1978: 381, nota 2).

⁴¹ Aínda que se repita de cando en cando a falsa hipótese de que cada forma de *perfectum* indica acción anterior á *correspondente de infectum* (cfr., por ex. Burger, Harris, *loc. cit. supra*), cando isto non é así (cfr. *infra* e vid. por ex., Vairel, 1978: 403-4).

lórico pensar que era xa no latín a temporalidade a noción responsable da estruturación interna dos “modos”, visión que simplifica e dá coherencia a calquera teoría evolutiva sobre o sistema verbal románico. Neste aspecto pronunciárase xa Mariner cando, partindo tamén do estudo de *infectum/perfectum*, plantexou un oportuno e lórico interrogante: “El latín, pues, forma el puente por donde se pasó de la aspectual de la lengua i.-e. originaria a la temporal de las lenguas derivadas. Y ¿quién nos dice que el verbo de la época clásica haya de estar más cerca de aquélla que de éstas?” (Mariner, 1956: 533).


Creemos obrigado facer aquí referencia ó relativamente recente estudo de H. Vairel (1978), quen propón, nunha perspectiva moi guillaumiana, unha interpretación conxunta para os usos temporais da forma *cantavi* ó paso que expón unha hipótese coherentemente temporalista sobre a oposición *infectum/perfectum*. Vairel comenza repasando a visión dos defensores de ámbalas dúas teorías antes mencionadas, a “aspectualista” e a “temporalista”, considerando que non houbo conciliación entre ambas por situar unha o foco de interés na morfoloxía (tese aspectualista) e a outra nas realizacións maioritarias (teorías temporalistas); así, os empregos de *cantavi* como simple “pasado” —os máis— non encaixan na consideración meilletiana desta forma como “presente perfectivo” por representar feitos indubidablemente pretéritos; por outro lado, casos como *nunc perii* si parecen situarse na esfera do *presente* e son de difícil explicación se vemos en *cantavi* un valor fundamental de *pasado*. Así, se con arreglo á morfoloxía *cantavi* parece ocupa-lo posto dun *presente*, con arreglo ós seus empregos parece centrarse na expresión do “pasado”.

A teoría de Vairel percura entre outras cousas delimitar para cada forma un valor no sistema que poida dar conta de tódalas súas aparicións no discurso. Partindo da especialización guillaumiana do tempo, a mencionada autora estrutura así o indicativo latino:

a) As formas de *infectum*, *cantabam*, *canto*, *cantabo*, sitúan a realización (*l'accomplissement*) do proceso nun momento M, situado respectivamente no pasado, no presente e no futuro, sen ter en conta feitos de aspecto ou duración interna da acción.

b) As formas de *perfectum*, *cantaveram*, *cantavi*, *cantavero* sitúan a realización do proceso nun momento M', necesariamente anterior ó momento M, que agora é un punto de referencia situado para as mencionadas formas no *pasado*, *presente* e *futuro* respectivamente.

Esta é a representación esquemática de Vairel (1978: 394):



Esta concepción presenta os valores sistemáticos das formas de *perfectum* caracterizados, pois, pola expresión de dous momentos, M e M', sendo o segundo anterior ó primeiro. Así, estas formas expresan sempre o que a autora denomina “*un passé relatif au moment M*” (1978: 397); Vairel, tomando de G. Guillaume (1964) a noción de *temps décadent* prefere falar de *passé relatif* e non de *anteriorité* (cfr. Vairel, 1978: 397-8), contrariamente á concepción da temporalidade que estamos defendendo.

O importante, desde o noso punto de vista, da teoría de H. Vairel son as dúas cuestións seguintes:

a) A oposición *infectum/perfectum* é de índole temporal. As fórmulas de ámbalas dúas series expresan uns determinados contidos temporais no sistema independentemente do *tempo interno* ou aspecto *perfectivo/imperfectivo* da acción. As formas de *perfectum* ven sempre a acción como “pasada” desde unha determinada referencia. Desde o noso punto de vista, e aplicando a teoría vectorial, comprobamos que as formas de *perfectum* expresan unha relación *primaria* de *anterioridade*, ou sexa, caracterízanse por un vector primario $-V$.

b) O valor de *cantavi* no sistema é a expresión dunha acción como “pasada” desde unha referencia situada no “presente”. Isto pode ter dúas interpretacións: unha consiste en identifica-lo punto de referencia M co *moment du discours*, co que *cantavi* expresará unha acción como situada de feito no pasado (*passé d'époque*), obténdose así as realizacións de *pasado histórico* típicas desta forma e non acordes coa idea do “presente perfectivo”; a outra consiste en identifica-lo punto de referencia M ben con outro proceso emplazable no presente (representable por unha forma verbal con valor de *presente*), ben coa situación presente resultante do cumprimento do proceso, en ocasións representada por un simple *nunc*, obténdose así os valores máis explicables por unha idea de *cantavi* pertencente á esfera do presente.

Vaise xa intuindo cal é a interpretación que de acordo coa teoría vectorial hai que dar a estes dous tipos de realización temporal por parte da forma *cantavi*. O *punto orixe*, 0, definido por Rojo como a referencia

última de tódalas relacións lingüísticamente temporais (cfr. 1974, esp. § 2.1.), é o que a maioría dos tratadistas do verbo identificaron co “momento da fala” ou co “instante presente”⁴²; así, a posible identificación do momento M de Vairel co que ela chama *moment du discours* (1978: 405) sitúanos ante o que na nosa perspectiva non pode ser senón a realización 0–V; a forma *cantavi*, no seu uso de “pasado histórico” expresa simplemente a anterioridade da acción respecto do punto orixe, realización que é a única representada no español moderno pola forma *canté* ou noutras etapas do francés polo hoxe fosilizado *je chantai*. Por outra parte, os casos en que *cantavi* expresa anterioridade respecto dunha referencia “presente”, tipo “*nunc intellexi*” ou “*quod ei dedi, non uult reddere*”⁴³ consisten nunha orientación primaria de anterioridade respecto dunha referencia simultánea ó punto 0; nestes usos *cantavi* realiza unha fórmula (0oV)–V, que é a realización principal do español *he cantado* e a orixinaria do francés *j’ai chanté*, que acabaría por indiferenciarse de *je chantai* abarcando tamén o valor desta forma.

Cantavi, polo tanto, aparece expresando nuns casos unha relación de *pretérito*, 0–V, e noutros unha relación de *ante-presente*, (0oV)–V; ámbalas relacións son no sistema latino realizacións dunha mesma función temporal por apareceren representadas por un so significante, de xeito que non admiten conmutación sinalable. Vairel destacou xa que a *cantavi* se lle debía descubri-lo seu valor *en langue* como responsable dos seus aparentemente inconciliables significados no *discours* (1978: 402).

Pero, evidentemente, onde temos que disentir coa mencionada autora é nin máis nin menos na base da súa teoría, posto que nunca fala dos contidos temporais como orientacións relativas –coa sinalada “excepción” da relación M’-M como un *passé relatif*–, senón que continúa dunha maneira moi particular a teoría dos *tria tempora* considerando que as formas verbais *sitúan* a acción en determinados *momentos* do *pasado*, *presente* ou *futuro* (cfr. *supra*). Isto provoca, entre outras cousas, que se manteña a idea varroniana –que veremos inaceptable na nosa perspectiva– de *cantabam* e *cantabo* como formas simetricamente dispostas no eixo temporal.

Debemos reinterpretalos tres momentos M que Vairel sitúa no *passé*, *présent* e *futur* como expresións de diferentes orientacións respecto do

⁴² Pero lembremos que este último punto de referencia non sempre coincide co momento da fala, cfr. *supra* § 3 e nota 34.

⁴³ Exemplos recollidos de Vairel (1978).

punto orixe. Seguindo coa serie de *perfectum* temos para *cantavero* e *cantaveram* os valores seguintes:

a) *Cantavero* expresa unha relación primaria de anterioridade, $-V$, que se orienta desde outra referencia, sendo esta *futura*, isto é, posterior ó punto orixe. A súa fórmula fundamental é, pois, $(0+V)-V$, correspondendo a un valor *ante-futuro*. A referencia $(0+V)$ pode aparecer representada por calquera forma verbal con valor futuro (cfr. Vairel, 1978: 404), ou ser meramente abstracta, como nas oracións independentes.

b) *Cantaveram* expresa unha relación primaria de anterioridade, $-V$, que se orienta desde outra referencia, sendo esta *pasada*, isto é, anterior ó punto orixe. A súa fórmula fundamental é, pois, $(0-V)-V$, correspondendo a un valor *ante-pretérito*. A referencia $(0-V)$, correspondente, como vimos, a unha das realizacións temporais de *cantavi*, ben pode aparecer explicitada por un verbo en tal forma, e isto é o máis frecuente (cfr. Vairel, 1978: 404): “quod ei *dederam* non *reddit*”; pero tamén pode *cantaveram* enfoca-la acción como anterior a un verbo en calquera outra forma que sinale un proceso situado na esfera do *pasado* (*cantabam* ou *cantaveram*, por exemplo; Vairel sinala o primeiro caso, cfr. *ibid.*).

Das observacións feitas podemos trazar xa as características temporalmente distintivas que individualizan as funcións representadas polas tres formas indicativas de *perfectum*:

a) *Cantavero* presenta un vector *primario* de anterioridade, $-V$, e un vector *orixinario* de posterioridade, $(0+V)$.

b) *Cantaveram* presenta un vector *primario* de anterioridade, $-V$, e un vector *orixinario* tamén de anterioridade, $(0-V)$.

c) *Cantavi* esixe unicamente un vector *primario* de anterioridade, $-V$, e opónse ás dúas formas anteriores en que aquelas precisaban como distintiva a aparición dun vector *orixinario* aparte do *primario* $-V$, vector *orixinario* que *cantavi* non presenta como rasgo distintivo.

A función da forma *cantavi* é, pois, de simple anterioridade primaria a calquera referencia que non consista nunha relación *orixinaria* $(0+V)$ nin $(0-V)$, de aí que as súas realizacións comúns sexan as antes vistas $0-V$ e $(0oV)-V$. Con todo, veremos máis adiante (§ 3.2.3.) como a oposición *cantavi/cantavero* é neutralizable.

Pasemos agora ó terreo do *inflectum*. Se a oposición *inflectum/perfectum* consiste no rasgo distintivo da expresión dunha relación primaria de anterioridade, $-V$, por parte das formas de *perfectum*, é evidente que

os vectores primarios das formas de *infectum* só poderán ser de simultaneidade, oV, ou posterioridade, +V.

Non hai maiores problemas para acepta-las formulacións 0oV e 0+V para *canto* e *cantabo* respectivamente. A primeira, como *presente*, expresa unha acción como simultánea ó punto 0. Esta simultaneidade é independente da extensión da acción referida polo verbo: os *presentes* chamados correntemente *puntual*, *ampliado*, *habitual* ou mesmo o *presente eterno* supoñen diferentes amplitudes para unha acción sempre enfocada como simultánea á orixe. Pola contra, o *praesens pro futuro* xa o vimos —para o galego— como resultado dunha neutralización (cfr. *supra*, § 3.1.), punto sobre o que voltaremos; en canto ó *presente histórico*, supón un desprazamento retrospectivo do punto 0, manténdose a simultaneidade primaria (cfr. nota 34).

A segunda formulación, 0+V, para *cantabo*, obedece á concepción da acción *futura* como posterior á orixe. E evidente que si consideramos antes así o punto futuro M que Vairel situaba como referencia para *cantavero*, a realización fundamental de *cantabo* será 0+V.

En canto a *cantabam*, as cousas cambian. Non podemos interpreta-la visión antes mencionada por Vairel —situación do cumprimento da acción nun momento M pasado, cfr. *supra*— como unha relación temporal 0–V, pois acabamos de ver que esta fórmula é unha das realizacións propias de *cantavi*. Non, como forma de *infectum*, *cantabam* non pode indicar unha relación primaria de anterioridade, o seu vector primario non é outro que o de simultaneidade, oV, pero esta vez a simultaneidade oriéntase desde un momento pasado, desde 0–V, co que a fórmula de *cantabam* é (0–V)oV, a mesma que atribuímos ós herdeiros desta forma nos modernos romances (tal foi a formulación antes comprobada para o *cantaba* galego, cfr. § 3.1., ou a sinalada por Rojo, 1974: § 3.2. para o *cantaba* castelán).

O vector primario de simultaneidade é fácil de comprobar só con estudia-los evidentes paralelismos de enfoque que *cantabam* ofrece respecto do *presente canto*. Efectivamente, o carácter *imperfectivo* que se ten sinalado para estas formas é consecuencia de tal perspectiva de simultaneidade. *Cantabam* pode, coa mesma liberdade que *canto*, expresar coexistencias puntuais, amplias, habituais, ou mesmo verdades xerais, eternas contempladas desde unha óptica pasada⁴⁴. A *consecutio temporum* pre-

⁴⁴ Como “*co-pretérito eterno*” é ben coñecido o exemplo de Bello (1841: § 36, 1857: § 630) “Copérnico probó que la tierra *giraba* alrededor del sol”, exemplo no que “Podría tolerarse *gira*, mas entonces no veríamos por entre la mente de Copérnico el giro eterno de la tierra, como el sentido lo pide” (Bello 1857: *ibid.*).

senta tamén a *cantabam* como expresión da simultaneidade a unha forma situada no *pasado*, que pode ser *cantavi* ou o propio *cantabam*; recollámo-lo exemplo de L. Rubio (1983: 387) “*uidebamus (uidimus) quod faciebas*” = esp. “*veíamos (vimos) lo que hacías*”⁴⁵. Na nosa terminoloxía ó estilo de Bello *cantabam* aparece como xenufno *co-pretérito*.

Tras estas observacións, as formas de *infectum* aparecen opoñéndose de acordo cos vectores obrigatorios seguintes:

- a) *Cantabam* expresa unha relación primaria de simultaneidade, oV, e unha relación orixinaria de anterioridade, (0–V).
- b) *Canto* expresa unha relación primaria de simultaneidade, oV, pero non esixe outro vector orixinario.
- c) *Cantabo* expresa unha relación primaria de posterioridade, +V, tampouco esixe vector orixinario.

E con isto podemos esbozar os rasgos temporalmente distintivos que estruturan o sistema latino:

I-a) Presencia/ausencia de vector primario de anterioridade, –V, que caracteriza positivamente ó *perfectum* e negativamente ó *infectum*.

I-b) Presencia/ausencia de referencia orixinaria (0–V), que caracteriza positivamente no *perfectum* a *cantaveram* e no *infectum* a *cantabam*.

II) Presencia/ausencia de vector de posterioridade, que no *infectum* funciona como primario opoñendo *cantabo* a *canto* e no *perfectum* como orixinario opoñendo *cantavero* a *cantavi*.

Vexamos esquematicamente cal é, desde o noso punto de vista, a estruturación temporal do verbo latino:

⁴⁵ Falta en Rubio a posibilidade *uideramus quod faciebas*. Para o galego xa comprobamos en (Veiga, 1983: § 2) como *cantaba* expresa simultaneidade a *cantei*, *cantaba*, *cantaría*, *cantara*. Estrictamente nestes casos presentará as fórmulas respectivas (0–V)oV, (0–V)oV)oV, (0–V)+V)oV e (0–V)–V)oV, nas que a simultaneidade primaria aparece referida ó valor do verbo principal. Estas fórmulas non son senón variantes contextuais da fórmula fundamental (0–V)oV e todas recollen os dous vectores obrigatorios de *cantaba* (cfr. *infra*). O resto dos signos do sistema poden presentar tamén unha pluralidade de relacións como esta.

rasgos:		SISTEMA TEMPORAL					
		(-) non anterioridade primaria <i>(INFECTUM)</i>			(+) anterioridade primaria <i>(PERFECTUM)</i>		
I-a. ± vector primario -V							
I-b. ± referencia orixinaria (0-V)		(-) non referencia orixinaria (0-V)		(+) referencia orixinaria (0-V)	(-) non referencia orixinaria (0-V)		(+) referencia orixinaria (0-V)
		(-) non poste- rioridade	(+) posterioridade		(-) non poste- rioridade	(+) posterioridade	
II. ± vector +V (primario ou orixinario)							
funcións temporais expresións en <i>indicativo</i>		<i>presente</i> <i>canto</i>	<i>futuro</i> <i>cantabo</i>	<i>co-pretérito</i> <i>cantabam</i>	<i>pretérito</i> <i>cantavi</i>	<i>ante-futuro</i> <i>cantavero</i>	<i>ante-pretérito</i> <i>cantaveram</i>

Como en galego (cfr. § 3.1.), o *presente* aparece como a función menos marcada do sistema, pois responde con (-) a tódolos rasgos, e o *ante-pretérito* como a máis marcada, pois só coñece signos (+).

En comparación co sistema galego, como con calquera sistema romance, destaca a ausencia en latín da función *pos-pretérito*, representada no *indicativo* \emptyset galego por *cantaría* (cfr. § 3.1.); ou sexa, a fórmula (0-V)+V non é distintiva no sistema latino.

A vista de todo o exposto podemos facer xusticia a todos aqueles gramáticos latinos que situaban a tríada *cantavi/canto/cantabo* como xenuína expresión dos feitos *pasados/presentes/futuros*, o que lles valería as críticas de Varrón⁴⁶. Non lles faltaba razón desde o momento en que estas tres formas expresan respectivamente unha relación primaria de anterioridade, simultaneidade e posterioridade a calquera referencia que non sexa un vector orixinario obrigatorio, sendo as súas realizacións máis correntes 0-V, 0oV e 0+V respectivamente. O que fixeron Varrón e Meillet foi agrupar dun lado tódalas formas que expresaban anterioridade primaria, as de *perfectum*, co que no *infectum* quedaba a tríada *cantabam/canto/cantabo* non simétrica en canto ás orientacións primarias, posto que *cantabam* e *canto* expresan a mesma, a simultaneidade, fronte á posterioridade de *cantabo*.

⁴⁶ Varrón condenaba a exemplificación dos *tria tempora* mediante *cantavi/canto/cantabo* por non respecta-la *analogia* referida á *divisio infectum/perfectum* (cfr. por ex. Serbat, 1976: 312 e nota 2 da citada páx.).

Voltando á teoría de H. Vairel (1978), atopamos que tódalas obxeccións que lle fixemos en canto á caracterización da posición dalgúns signos no sistema derivan de que semellante concepción non pode chegar a sinala-los feitos relativos á orientación de simultaneidade, ó vector oV . Efectivamente, non é difícil proceder dunha teoría que *localiza* os feitos no tempo a outra que estudia *orientacións* temporais detectando algunhas equivalencias, como, por exemplo, que o que para Vairel é situar unha acción no punto M futuro corresponde a unha orientación $0+V$ ou que a anterioridade relativa $M'-M$ corresponde a unha orientación $-V$; pero onde radican os problemas é en que a concepción de Vairel non pode explicar ningunha orientación de simultaneidade. É evidente que non é o mesmo unha referencia calquera que unha acción simultánea á dita referencia, deste xeito, non é o mesmo unha acción anterior ó punto orixe, $0-V$, que unha acción anterior a unha referencia simultánea ó punto orixe, $(0oV)-V$ (tan diferentes son que nalgunhas linguas, como en español, as dúas orientacións supoñen funcións temporais distintas, pois aquí radica a oposición *canté/he cantado* na devandita lingua); a teoría de Vairel non pode explicar unha diferenza así, e, polo tanto, o punto M presente ás veces coincide coa orixe e ás veces con $(0oV)$. Notemos que Vairel lle chama *présent* á localización deste punto, mentres que na nosa concepción funcional a realización *presente* é a relación $0oV$, isto é, a simultaneidade á orixe, pero nunca o punto en cuestión. Que hai que falar de dúas *realizacións* diferentes, $0-V$ e $(0oV)-V$ para a *función* da forma *cantavi* é algo evidente, pero se damos a *presente* a significación de *simultáneo a 0*, como vimos facendo, non poderemos defini-la función de *cantavi* dicindo que exprese á vez un valor *pasado* e un valor *presente* en pé de igualdade —Vairel recalca que “elles [ces deux valeurs, A.V.] sont exactement sur le même plan” (1978: 400)—, senón que, como vimos, o valor *presente*, a referencia $(0oV)$ aparece só nunha das realizacións; na outra —a maioritaria— a anterioridade enfócase directamente desde o punto orixe, desde 0.

Con *cantabam* vese de novo a importancia da relación de simultaneidade. Vairel sitúa *cantabam* e *cantabo* como simétricos, pero, se ben para *cantabo* é lícito interpretarmos que a situación da acción no punto M futuro corresponde a unha orientación $0+V$, non é lícito xa transpor por igual a situación de M pasado a unha orientación $0-V$, pois isto nos levaría a unha realización de *cantavi*. Insistimos en que no caso de *cantabam* o que sucede é que enfoca o feito como *simultáneo* a unha referencia “pasada”, pero non como “pasado” polas boas.

3.2.2. *Cantavi e a correlación temporal*

A dobre realización temporal básica da función *pretérito* representada no indicativo por *cantavi*, tradúcese no seo da oración composta na “doble rección” que en canto á *consecutio temporum* produce esta forma nos verbos a ela subordinados. Escomencemos sinalando que empregáremolo concepto de *correlación temporal* entendéndoos como o feito de que nalgúns tipos de construcións hipotácticas, o verbo subordinado pode referir a súa realización temporal ó valor do verbo principal. Rojo (1976) recalcou que a *correlación* non sempre se dá (ben coñecidas son as “excepcións” á “regla” que os gramáticos latinos pretenderon dar para a *consecutio*), e así, nos exemplos galegos *dixo que viría mañá* e *dixo que virá mañá* temos que no primeiro hai correlación por aparece-lo *pos-pretérito viría*, (0-V)+V, indicando posterioridade a unha referencia (0-V) representada polo valor de *dixo*, en tanto que no segundo non hai correlación, pois *dixo* e *virá*, 0-V e 0+V, aparecen os dous orientados respecto do punto 0, sen que o segundo exprese unha relación directa co primeiro.

En (Veiga, 1983) sinalamos como son as formas que expresan un vector orixinario de anterioridade, (0-V), xunto con *cantei* cando expresa a relación 0-V, aquelas que poden presentar subordinados en correlación temporal os tradicionais “tempos relativos”, caracterizados estes tamén pola presenza do vector orixinario (0-V):

$$\left. \begin{array}{l} dixo \\ dicía \\ diría \\ dixera \end{array} \right\} \text{ que } \left\{ \begin{array}{l} chovía \\ chovería \\ chovera \end{array} \right. = \left. \begin{array}{l} 0-V \\ (0-V)oV \\ (0-V)+V \\ (0-V)-V \end{array} \right\} / \left\{ \begin{array}{l} (0-V)oV \\ (0-V)+V \\ (0-V)-V \end{array} \right.$$

Frente a isto, as formas que non esixen un vector orixinario (0-V) poden só presentar correlativamente subordinados os signos que realizan un vector orixinario (0oV) ou (0+V) segundo cal sexa a principal.

Pois ben, Ernout-Thomas (1951: § 394) sinalan os seguintes casos de *consecutio temporum*:

$$\left. \begin{array}{l} dico \\ dicam \end{array} \right\} \text{ quid faciat, quid fecerit, quid facturus sit}$$

$$\left. \begin{array}{l} dixi \\ dicebam \\ dixeram \end{array} \right\} \text{ quid faceret, quid fecisset, quid facturus esset,}$$

onde, polo momento, os feitos concordan co por nós exposto para o galego: *dixi, dicebam, dixeram*, nas realizacións respectivas $0-V$, $(0-V)oV$, $(0-V)-V$, presentan á esquerda un vector $-V$, o que fai que rixan correlativamente as formas de “pasado”, ou sexa, de anterioridade orixinaria; o contrario sucede con *dico* e *dicam* (falta *dixero* no esquema de Ernout-Thomas).

Pero un feito repetidamente sinalado é a facilidade de *cantavi* para presentar subordinadas as formas de *non* anterioridade orixinaria. Este feito vólvenos a facer pensar na dobre realización principal da súa función: nas realizacións $0-V$ e $(0oV)-V$. A primeira destas realizacións, a de *pretérito*, equipárase ó grupo da anterioridade orixinaria por presentar un único vector $-V$ directamente referido á orixe; deste xeito *cantavi* rexerá correlativamente as formas de anterioridade orixinaria. A segunda realización, a de *ante-presente*, ofrece un vector orixinario de simultaneidade ($0oV$), polo que *cantavi* así realizado rexerá correlativamente as mesmas formas que poida rexer un *presente*: as que realicen valores de *non* anterioridade orixinaria.

Esta dobre rección —que en subxuntivo presenta paralelamente *cantaverim* (cfr. Ernout-Thomas, 1951: § 397)— foi interpretada por Vairel, de acordo coa súa teoría do dobre valor de *présent* e *passé* en pé de igualdade, como que a concordancia se realiza “selon que l’accent est mis, en discours, sur l’accomplissement passé d’un procès ou sur la situation présente qui résulte de cet accomplissement” (1978: 410); non cremos que haxa que poñe-lo acento en nada: simplemente é o vector esquerdo da realización temporal o que condiciona a forma que apareza correlativamente subordinada⁴⁷.

3.2.3. A neutralización da oposición *posterioridade/non posterioridade*

Dixemos que a función *pretérito*, expresada no *indicativo* latino por *cantavi*, presenta dúas realizacións principais, $0-V$ e $(0oV)-V$, realizacións que corresponden respectivamente ás etiquetas *pretérito* e *ante-presente*. Pois ben, existen algúns casos de *cantavi* empregado cun inequívoco vector orixinario de posterioridade. Referímonos a exemplos como os recollidos por Poirier (1978) para ilustra-lo uso chamado *perfectum pro futuro*, uso que na nosa concepción responde á etiqueta *ante-futuro* e á

⁴⁷ Para o verbo galego desenrolamos pormenorizadamente estas consideracións en (Veiga, 1983).

fórmula (0+V)—V, isto é, ó valor de *cantavero*. Os exemplos de Poirier presentan sempre algunha cláusula subordinada con verbo en forma de futuro que permite interpreta-lo *perfectum* de forma inequívoca: “*perii* si me aspexerit”; “si te in planteas offendero hac pōst umquam, ... *periisti*”; “si conseruatus erit, *uicimus*”; “cui si esse in urbe tuto licebit, *uicimus*” (1978: 376)⁴⁸.

A interpretación destes exemplos ponnos fronte a un feito do que xa fixemos mención: a neutralización da oposición presenza/ausencia de vector +V, terceiro e último rasgo estruturante —tal como sinalamos no esquema, cfr. *supra*, § 3.2.1.— da temporalidade verbal latina. Poirier (*loc. cit.*) acerta —aunque non estamos de acordo coa base do seu razonamento⁴⁹— cando parangona o uso de *cantavi* nestes exemplos co *praesens pro futuro*. Xa dixemos ó falarmos do verbo galego (cfr. *supra*, § 3.1.) que este uso consiste nunha neutralización; así, o vector +V, a presenza do cal é a marca dunha oposición temporal tanto en galego como en latín, pode ser innecesario porque algún elemento externo (un adverbio de tempo, unha cláusula subordinada), ou o simple contexto situacional deixen clara a relación de posterioridade; nestes casos pódese produci-la neutralización e a expresión correspondente ó termo non marcado pasará a representa-la archifunción resultante. En castelán, onde temos (cfr. Rojo, 1974: § § 4.2.2-3, 4.4.7-8) catro formas de *indicativo* \emptyset na función das cales interveña un vector +V, a neutralización da oposición +V/ausencia de +V dá lugar a catro archifuncións, como vemos nos exemplos “mañana voy (= *iré*) de viaxe”; “mañana ya lo *he terminado* (= *habré terminado*)”; “dijo que *venía* (= *vendría*) corriendo”; “dijo que al día siguiente ya lo *había hecho* (= *habría hecho*)”, onde situamos entre parénteses as formas

⁴⁸ Bassols (1956: I, 316) cita este uso de *cantavi* como frecuente coas formas *occidi, perii, interii, actum est*.

⁴⁹ Poirier (1978) segue a Serbat (1975) na consideración de que o *presente* non expresa propiamente un valor temporal e que o *praesens pro futuro* ou o *presente histórico* son probas de tal intemporalidade. Xa vimos (cfr. *supra*, esp. nota 34) que tales usos non responden a ningunha atemporalidade, senón a feitos do sistema temporal, e que o que sucede é que a función *presente* é a menos marcada do sistema, pero, por suposto, si ten rasgos temporalmente distintivos. Polo tanto non hai que confundi-lo seu carácter non marcado respecto de calquera oposición con ningunha pretendida “atemporalidade”.

Poirier supón probablemente para o *perfectum* que se trate da expresión dun “*accompli non marqué*” (1978: 375), sen contido temporal definido. O que sucede, como vimos no esquema do sistema latino, é que *cantavi* expresa a menos marcada das funcións do *perfectum*.

que expresan a relación $0+V^{50}$ e antes das parénteses as formas non marcadas que expresan as archifuncións.

Desta maneira o *praesens pro futuro* consiste no emprego de *canto* en realización $0+V$, realización que non pertence á función *presente* –cosa imposible, como sabemos– senón neste caso á archifunción resultante da neutralización *presente/futuro*; do mesmo xeito o *perfectum pro futuro* consiste no emprego de *cantavi* en realización $(0+V)-V$, realización que non pertence á función *pretérito* –cosa imposible, como sabemos– senón neste caso á archifunción resultante da neutralización *pretérito/ante-futuro*. Comprobamos así que *presente/futuro* e *pretérito/ante-futuro* son dúas actuacións diferentes da mesma oposición: $+V$ /ausencia de $+V$.

Esta oposición funciona en latín só no *indicativo* (e nos romances só no *indicativo* \emptyset), xa que, por exemplo, en *subxuntivo* \emptyset (non *irrealis*) aparece neutralizada: *cantem* realiza a archifunción *presente/futuro* e *canta-verim* a archifunción *pretérito/ante-futuro*. O feito de que esta oposición se neutralice onde I-a e I-b se manteñen proba que se trata da oposición máis débil do sistema, o que xustifica situala en último lugar.

Os empregos *ante-futuros* de *cantavi* serían inexplicables de acepta-la visión dos que como Serbat (1976) consideran o “*perfecto*” como forma exclusivamente de “pasado” temporal. Vairel, coa súa dualidade *présent-passé* podería doadamente explicalos de maneira paralela ó *praesens pro futuro*, pero paradóxicamente non só non os menciona, senón que nalgún momento parece dalos por imposibles⁵¹. No capítulo seguinte veremos-la importancia destes usos no desenrolo do verbo galego.

3.3. Aspectos da evolución latín > galego en canto á estruturación temporal

Como vimos nos apartados anteriores, latín e galego presentan sistemas temporais integrados por seis funcións, pero cun desigual reparto na actuación dos rasgos distintivos, ergo dos dominios destas funcións. Adiantabamos en § 1.3. que na diacronía dos sistemas verbais da Romania Occi-

⁵⁰ As formulacións de Rojo (1974) para estas catro formas son as seguintes: *cantaré*: $0+V$; *cantaría*: $(0-V)+V$; *habré cantado*: $(0+V)-V$; *habría cantado*: $(0-V)+V)-V$.

⁵¹ Textualmente di: “Effectivement, la valeur en langue de *dedi* –que implique M présent– rend cette forme apte à marquer, au niveau du discours, l’antériorité de “dare” par rapport à un autre procès appartenant au présent; mais elle ne lui permet pas de dénoter l’antériorité de “dare” par rapport à un autre procès qui appartiendrait au futur” (Vairel, 1978: 404).

dental o galego presenta como distintiva a súa non participación do segundo proceso temporalizador que supuxo en portugués, español, francés, etc. o nacemento dos “tempos compostos”, co que as diferencias respecto do sistema clásico aparecen por confrontación entre dous séxtuples conxuntos de signos representados sempre por formas simples. Sinalabamos tamén (*ibid.*) certas diferencias externas ben visibles: a forma *cantavero* non deixou herdeiro en galego, en tanto que o sistema clásico carecía dunha forma comparable ó galego *cantaría*. Vexamos agora a esencia destes feitos na evolución do sistema de funcións temporais.

A desaparición de *cantavero*, forma a función da cal definimos en § 3.2.1. segundo os rasgos distintivos +presencia de vector primario -V e +presencia de vector orixinario (0+V), sendo a súa realización fundamental (0+V)-V, condúcenos a voltar sobre o que sucede en galego con esta realización de *ante-futuro*. Como vimos en § 3.1., a referencia orixinaria (0+V) non supón rasgo distintivo na estruturación temporal galega, de tal maneira que (0+V)-V é unha realización máis, xunto con 0-V e (0oV)-V, da función *pretérito*, representada no significante por *cantei*, caracterizada polos rasgos distintivos +presencia de vector primario -V e -presencia de referencia orixinaria (0-V), rasgo este último que a opón a función *ante-pretérito*.

A comprobación dos empregos *ante-futuros* por parte de *cantei* foi un dos aspectos centrais do noso citado traballo (Veiga, 1983), e que sexa esta expresión e non outra quen representa esta realización fainos voltar cos exemplos de *perfectum pro futuro* comentados no apartado anterior. Efectivamente, a tradución ó galego de cada un destes exemplos faise sen alterar para nada a *forma* do verbo realizador de (0+V)-V, respetando a correspondencia *cantavi* = *cantei*:

<i>perii</i> si me aspexerit	<i>morrín</i> se me ve
cui si esse in urbe tuto licebit, <i>uicimus</i>	e se a el se lle permite estar na cidade sen perigo, <i>vencimos</i>
(Brutus) si conservatus erit, <i>uicimus</i>	se (Brutus) sal con vida, <i>vencimos</i>
si te in platea offendero hac post umquam, <i>periisti</i>	se te atopo outra vez na praza, <i>morriches</i>

Nestes casos, a forma que ten por función a que demos en chamar *pretérito* expresa a relación *ante-futuro* (0+V)-V; a diferenza é que *cantavi* a expresa previa neutralización da súa oposición con *cantavero* en tanto que *cantei* conta con (0+V)-V entre as súas propias realizacións. Men-

tres *cantavi* realiza aquí unha *archifunción* (cfr. § 3.2.3.), *cantei* realiza a súa *función*, pero naquela neutralización está xermolando o posterior paso da realización *ante-futuro* á función *pretérito*.

Creemos atoparnos ante un feito de capital importancia para o estudo da diacronía romance. E doado supor que a *cantavero* corresponde máis ou menos o *habré cantado* español, o *tereí cantado* portugués ou o *j'aurai chanté* francés, pero a cuestión estriba en averiguar —coñecendo o serodio da “segunda temporalización”, non culminada senón na última Idade Media, cfr. nota 7— que foi o que houbo por medio, cal foi a forma que expresou nos primeiros tempos destes sistemas románicos a relación de *ante-futuro*. A realidade do verbo galego pode proporcionar evidencias decisivas: se *cantei* abarca en galego a realización (0+V)—V, moi ben puidera ser esta situación a continuación do que noutros tempos, antes de xurdiren as “formas compostas”, foi a realidade xeral dun dominio moito máis extenso.

A interpretación estrutural do cambio é tan interesante como sinxela. A desaparición de *cantavero* e a absorción da realización (0+V)—V por *cantavi* supoñen a desgramaticalización da oposición presenza/ausencia de vector orixinario (0+V); máis estrictamente diremos que se trata da desgramaticalización da oposición presenza/ausencia de vector +V dominada polo rasgo +presencia de vector primario —V. Co recuadro de § 3.2.1. diante vemos que o que desaparece é a actuación do segundo rasgo distintivo no vector orixinario. A consecuencia é que se *cantavi* só realizaba o valor (0+V)—V en casos de neutralización, ó desaparecer *cantavero* amplía o campo de dispersión da súa función; esta é a situación do *cantei* galego, mentres que a aparición dos tempos compostos levaría nos romances por ela afectados a unha nova redistribución das realizacións *pretérito*, *ante-presente* e *ante-futuro* en funcións temporais distintas.

A segunda diferenza externa que sinalabamos entre *indicativo* latino e galego é a aparición no segundo da forma *cantaría*, sinal da existencia da función temporal *pos-pretérito* e das repercusións temporais e modais da cal falamos en § 2.3. Efectivamente, xa vimos no cuadro de § 3.2.1. como o *indicativo* latino só ofrece o vector primario de posterioridade +V como distintivo dominado polo rasgo ausencia de vector orixinario (0—V), ou sexa: só é distintivo para diferencia-lo *futuro* fronte ó *presente*; contrariamente, o galego ofrece a oposición presenza/ausencia de vector +V actuando en canto ó vector primario tanto se non existe como se existe previamente un vector orixinario (0—V); así, coa ausen-

cia de tal vector témo-la oposición *presente/futuro*, e na súa presenza a oposición *co-pretérito/pos-pretérito*. A “conversión a estilo indirecto” mostra ás claras o mantemento da oposición: “vivirei na Coruña”, $0+V$, \rightarrow “dixo que *viviría* na Coruña”, $(0-V)+V$; “vivo na Coruña”, $0oV$, \rightarrow “dixo que *vivía* na Coruña”, $(0-V)oV$.

A aparición da perífrase *cantare habeo*, que substituiría a *cantabo*, xunto coa súa correspondente en valor de anterioridade orixinaria *cantare habebam*⁵² supuxo o que chamamos primeiro proceso de temporalización na historia do verbo románico e a súa consecuencia foi que a aplicación das oposicións entre os vectores primarios $+V/oV$ se extendese ós casos en que estes vectores van orientados desde $(0-V)$. Con isto os tres vectores primarios $-V/oV/+V$, que no sistema clásico aparecían nas funcións das que as realizacións fundamentais eran $0-V/0oV/0+V$ (*cantavi*, *canto*, *cantabo*) pasaron a aparecer tamén *os tres* como caracterizadores de tres funcións de anterioridade orixinaria, realizacións fundamentais $(0-V)-V/(0-V)oV/(0-V)+V$, expresadas nos protorromances polos herdeiros de *cantaveram/cantabam/cantare habebam*.

O resultado é un sistema máis equilibrado, no que a triple perspectiva primaria $-V/oV/+V$ ten valor en calquera punto da estrutura. Os latinos, cando querían marcar unha relación de *pos-pretérito* tiñan que botar man dalgunha forma da perífrase *cantaturus esse*, que expresaba unha noción aspectual prospectiva referida ó “tempo” en que aparece conxugada⁵³; os romances dispoñen xa dunha función específica para a delimitación da posterioridade ó pasado. Lonxe da “perfecta simetría” que os meilletianos quixeron ver no sistema clásico, a lagoa do *pos-pretérito* fai que se resinta de defecto de estrutura fronte ós sistemas romances por non obte-lo máximo rendemento destes vectores primarios.

E con estas dúas comparacións latín/galego volvemos a recalcarlo aventurado da afirmación de Togeby que criticamos na nota 14. Para non rematar sen facermos referencia ós feitos temporais do *subxuntivo*

⁵² Estamos vendo como *cantare habeo* substituíu a unha forma preexistente, *cantabo* en tanto que *cantare habebam* apareceu da man dunha nova función.

⁵³ Fleischman opina que a perífrase en *-urus* pasou no período postclásico a expresar un contido xa non só aspectual, senón á vez aspectual e temporal, facéndose “a marker of both aspect and future/posterior tempus” (1982: § 3.1.2.5.). E apunta que o desenrolo temporal da perífrase —especialmente notorio en *cantaturus eram*, que levaba camiño de converterse na expresión da posterioridade ó pasado— veuse estorbado precisamente pola aparición de *cantare habeo/cantare habebam* (*/habui*), “which could take over its functions entirely, well before the time of the earliest vernacular documents in Romance” (*ibid.*).

Ø, notemos como o sistema galego fundiu nunha dúas oposicións latinas. O *subxuntivo* Ø (non *irrealis*) clásico empregaba os rasgos presenza/ausencia de vector primario -V, que marcaba positivamente a *cantaverim-cantavissentem* fronte a *cantem-cantarem*, e presenza/ausencia de vector orixinario (0-V), que marcaba a *cantavissentem* fronte a *cantaverim* e a *cantarem* fronte a *cantem*. En galego só funciona no *subxuntivo* Ø un rasgo que funde os dous latinos: presenza/ausencia de *calquera vector* de anterioridade, que marca a *cantase* ~ -ra, quen representa calquera fórmula en que interveña un vector -V fronte a *cante*, que representa a archifunción ØδV (cfr. § 3.1.). Con isto temos que revisar outra afirmación de Togeby, quen negou a existencia na Romanía de *pluscuamperfectos simples* no *subxuntivo*: “un plus-que-parfait synthétique du subjonctif n'apparaît plus nulle part” (1966: 175). O galego *cantase* realiza entre outras a fórmula (0-V)-V, continuación do *cantavissentem* latino; o que sucede é que pola sinalada reorganización de oposicións, esta realización, en galego, pertence a unha archifunción máis extensa.

4. CONCLUSIONS

Resumindo o exposto nos apartados anteriores:

a) O sistema modal galego presenta xa consolidado o estado de cousas da Romanía Occidental. Frente ó latín, vemos que se ampliou o terreo da oposición *irreal/non irreal*, que en galego funciona para *indicativo* e *subxuntivo*, ó paso que o *indicativo* coñece tamén a oposición *incerto/non incerto*. Así, o galego saca un enorme partido a unha dobre noción modal básica empregando as formas das dúas series de xeito que as diferencias de contido temporal comporten tamén diferencias modais, o que supón para o sistema unha grande economía de medios. E o que Rojo (1974: § 5) chamou *dislocación* do sistema temporal.

b) O sistema temporal galego, pola contra, non coincide co común dos romances veciños por non chegar aquí a temporalizarse as *formas compostas*: fronte ó latín caracterízase pola desaparición da función *ante-futuro*, a realización da cal pasou a integrarse na función *pretérito*, e polo xurdimento da función *pos-pretérito*, inexistente en latín. O galego, pois, presenta integrados no sistema temporal os resultados das perífrases latinas *cantare habeo* e *cantare habebam* (primeira temporalización), pero non chegou a integra-las posteriores perífrases *habere* + *participio* (segunda temporalización).

E, polo tanto, no terreo da temporalidade onde o estudio do verbo galego debe resultar máis necesario para a caracterización das primeiras etapas do verbo románico occidental, ou, cando menos, hispánico. A comprobación do funcionamento en galego das tres orientacións temporais é unha nova proba en contra das teses aspectualistas. Traballos como o de Burger (1949) ou Harris (1970), autores que descoñecían o sistema galego, presentan unhas estruturacións do sistema *roman commun* (Burger) ou *Vulgar Latin* (Harris) que nos parecen completamente imaxinarias: ámbolos autores estruturan o verbo protorromance ou baixolatino segundo os *tria tempora* combinados con aspectos; ningún dos dous sinala a existencia da función *pos-pretérito*, e así, mentres os dous inclúen *cantare habeo* como *futuro*, o seu paralelo de anterioridade orixinaria *cantare habebam* é silenciado⁵⁴. Burger, paradóxicamente, falando dun aspecto *parallèle*, comparable ó noso vector primario oV (caracteriza no *présent* a *canto*⁵⁵ e no *passé* a *cantabam*) e dun aspecto *retrospectif*, comparable ó vector primario -V (caracteriza no *passé* a *cantaveram*, no *présent* a *habeo cantatum*, no *futur* a *cantavero*) inclúe no terceiro aspecto correspondente, *prospectif*, que debemos comparar co vector primario +V, no *futur* a *cantare habeo*, e no *passé* ¡a *cantavi*!⁵⁶. De paso, xa vemos que mentres oculta un resultado da primeira temporalización (*cantare habebam*), inclúe pola contra no gráfico (1949: 34) un da segunda (*habeo cantatum*). Peor é neste sentido o que sucede con Harris (1970: 68), quen inclúe no cuadro das formas do latín vulgar catro “tempos compostos” con *habere*, de forma que para o *perfective past* (= “plus-

⁵⁴ Con todo, Harris citará a aparición de *cantare habebam*, pero cinxíndose para os usos de tal forma como *pos-pretérito* á consideración de que se trata do resultado de transpor *cantare habeo* á *oratio obliqua*, co que “This use of the form appears to us to develop automatically, by virtue of a syntactic rule” (1970: 30).

⁵⁵ Burger exemplifica co verbo *videre*, representando graficamente a pronuncia que estima tiñan as formas no século VII; así, por ex., cita **bedet* por *videt*. Harris exemplifica co verbo *facere*. Por simplicidade citáremo-la opinión destes autores empregando sempre o verbo *cantare* nas formas clásicas comúns.

⁵⁶ Non é xustificable ver nos *pretéritos* nada parecido a un valor prospectivo. Burger parte dunha interpretación persoal das teorías guillaumianas segundo a cal o enfoque temporal da acción é concebido como a visión por parte dun home nunha barca do mundo exterior, na cal os obxectos que van aparecendo por proa son vistos “prospectivamente” (1949: 31). Burger pretende que os *pretéritos* son así vistos desde unha referencia que os enfoque prospectivamente, co que parece que os interpreta como se fosen unha especie de *pos-pretéritos*. Realmente tal enfoque non ten a menor base e supón unha aventurada interpretación da noción guillaumiana de *tempo incidente*.

cuamperfecto”) sinala *habebam-habui cantatum*, nunha palabra: borra *cantaveram* do mapa no latín vulgar cando en español *cantara* foi *ante-pretérito* de *indicativo* ata fins da Idade Media⁵⁷ e en galego aínda o é hoxe⁵⁸. Notamos ademais que os dous autores botan man das formas perifrásticas que necesitan para encheren os ocos dos recuadros, prescindindo das demais⁵⁹.

Tamén coinciden Burger e Harris en comentaren que a noción aspectual que sinalan no latín presentaba concomitantemente unha realización de anterioridade relativa, noción temporal que co tempo adquiriría maior importancia. Desta maneira, Harris (1970) estudia os sistemas latinos clásicos e vulgar na óptica de Meillet, pero para o francés adopta o sistema vectorial de Bull (1960) e Klum (1961), co cal supón unha inversión de valores e o conseguinte revolucionario reaxuste entre o latín vulgar e o francés. Interpretando, como fixemos, os feitos latinos na óptica temporalista observamos como non só non temos ningún “salto” deste tipo entre o latín vulgar e o romance, senón que a evolución latín > galego (¿/protorromance?) se ve moito máis nidiamente explicable e comprensible, feito que contribúe a reforza-la nosa convicción de que o elemento estruturante combinado coa categoría modo no verbo latino era a simple temporalidade.

Nunha perspectiva ben distante, propiamente temporalista, o recente libro de S. Fleischman (1982) pon sobre a mesa a verdadeira importancia da gramaticalización de *cantare habebam* como expresión no sistema verbal dun *future-of-the-past*, inexistente no sistema clásico, e sinala como segundo os textos parece ser que foi *cantare habebam* quen no seu proceso de temporalización e conseguinte integración no sistema “tirou” de *cantare habeo* e non ó revés (xa Bassols, 1948: II.1, 110, sinalara a maior difusión primitiva de *cantare habebam* sobre *cantare habeo*)⁶⁰. De feito,

⁵⁷ Segundo o estudio de Wright (1932), *cantara* aparece principalmente como “*pluscuamperfecto de indicativo*” ata o Canciller Ayala (s. XIV), e mantéñese no *indicativo* ata o Arcipreste de Talavera (1438).

⁵⁸ Posiblemente Harris estea aquí influído polo feito de que en francés –lingua estudiaada polo autor no art. cit.– *cantaveram* caíse relativamente cedo en comparación co sucedido na Hispania.

⁵⁹ Burger (1949: 34) prescinde de todas agás *habeo cantatum*; Harris (1970: 68) só prescinde de *habere habebam cantatum* e *habueram cantatum*.

⁶⁰ Citamos textualmente: “Yet the prior appearance and overwhelming predominance of past-based forms in the early documentation are concrete facts that cannot be brushed aside. It would appear therefore that as a temporal functor *cantare habebam* had the leading role. In time, however, and notably with the decline of

como sabemos, *cantare habebam* representaba o valor que máis falla facía no sistema para regularizar unha estruturación temporal que non aproveitaba unha doada e necesaria posibilidade. As consideracións de Fleischman concordan perfectamente coa nosa visión do verbo galego como representante do estado en que parou o sistema latino de oposicións temporais despois de cumprirse o primeiro proceso temporalizador.

Habería que profundizar nos feitos do verbo galego moito máis do que nos puidemos permitir neste traballo. Habería que confrontalos datos doutros romances, especialmente daqueles dialectos que parezan máis conservadores, pero os fenómenos apuntados nos capítulos precedentes abundan para comprender que o estudio do desenrolo histórico do verbo latino non pode prescindir do coñecemento dos actuais feitos románicos, principalmente destes sistemas que se presentan como menos evolucionados. Sirva a nosa exposición como contribución a tan vasto campo de estudio.

REFERENCIAS BIBLIOGRAFICAS

- Alarcos Llorach, E. (1947): "Perfecto simple y compuesto en español", *RFE*, XXXI (1947), 108-39, recollido en (Alarcos, 1970, 13-49).
- (1959): "La forme 'cantaría' en espagnol, mode, temps et aspect", *Boletim de Filologia*, XVIII (1959), 205-12, traducido ó esp. e recollido en (Alarcos, 1970, 95-108).
- (1970): *Estudios de gramática funcional del español*, Gredos, Madrid, 1970.
- Bassols de Climent, M. (1948): *Sintaxis histórica de la lengua latina*, Barcelona, 1948.
- (1956): *Sintaxis latina*, Madrid, 1956.
- Bello, A. (1841): *Análisis ideológica de los tiempos de la conjugación castellana*, Valparaíso, Chile, 1841, reprodución facsimilar, Caracas, 1972.
- (1857): *Gramática de la lengua castellana destinada al uso de americanos*, ed. crítica de Ramón Trujillo, Tenerife, 1981.
- Benveniste, E. (1966): "Le langage et l'expérience humaine", en Benveniste et al.: *Problèmes du langage*, Paris, 1966 (= *Diogenes*, 51), 3-13.
- Bull, W.E. (1960): *Time, tense and the verb, a study in theoretical and applied linguistics, with particular attention to Spanish*, Univ. of California Press, Berkeley, 1960.
- Burger, A. (1949): "Sur le passage du système des temps et des aspects, de l'indicatif, du latin au roman commun", *Cahiers Ferdinand de Saussure*, 8 (1949), 21-37.
- Coseriu, E. (1957): "Sobre el futuro romance" en *Revista Brasileira de Filologia*, 3, *amabo, cantare habeo* gained ascendancy over its model [cita a Bassols, 1948]" (1982: § 3.3.5.1.).

- 1-19, recollido en *Estudios de lingüística románica*, Gredos, Madrid, 1977, 15-39.
- (1978): "Aspect verbal ou aspects verbaux? Quelques questions de théorie et de méthode", en David, J. e Martin, R.: *La notion d'aspect*, Univ. de Metz, 1980, 13-25.
- Ernout, A. e Thomas, F. (1951): *Syntaxe latine*, Paris, 1951.
- Fleischman, S. (1982): *The future in thought and language*, Cambridge University Press, 1982.
- García, C. (1983): *Recantos da lingua*, A Coruña, 1983.
- Guillaume, G. (1964): *Langage et science du langage*, Paris-Québec, 1964.
- Harris, M. (1970): "The verbal systems of Latin and French", *Transactions of the Philological Society*, 1970, 62-90.
- Klum, A. (1961): *Verbe et adverbe. Etude sur le système verbal indicatif et sur le système de certains adverbes à la lumière des relations verbo-adverbiales dans la prose du français contemporain*, Upsala, 1961.
- Lausberg, H. (1962): *Lingüística románica*, Gredos, Madrid, 1966.
- Mariner, S. (1956): "La oposición infectum/perfectum ante un análisis estructural", *Actas del Primer Congreso Español de Estudios Clásicos*, Madrid, 1958, 529-533.
- (1965): "Noción básica de los modos en el estilo indirecto latino", *Emérita*, XXIII (1965), 47-59.
- Martinet, A. (1968): "Neutralisation et synchronisme", *La Linguistique*, 1968/1, 1-20.
- Martínez Alvarez, J. (1973): "Las formas compuestas del verbo del bable central", *Archivum*, XXIII, (1973), 299-307.
- Meillet, A. (1928): *Esquisse d'une histoire de la langue latine*, Paris, 1928.
- Poirier, M. (1978): "Le parfait de l'indicatif latin: un passé accompli ou un accompli pur et simple?", *Revue d'Etudes Latines*, LVI (1978), 369-79.
- Porto Dapena, X.A. (1972): "Encol da estrutura do verbo galego", *Grial*, 35 (1972), 13-28.
- Real Academia Española (R.A.E.) (1931): *Gramática de la lengua española*, Madrid, 1931.
- Rojo, G. (1972): *Perífrasis verbales en el gallego actual*, *Verba*, anexo 2, Univ. de Santiago, 1974.
- (1974): "La temporalidad verbal en español", *Verba*, 1 (1974), 68-149.
- (1976): "La correlación temporal", *Verba*, 3 (1976), 65-89.
- Rubio, L. (1968): "Los modos verbales latinos", *Emérita*, XXXV (1968), 77-96, recollido en (Rubio, 1983, 234-56).
- (1983): *Introducción a la sintaxis estructural del latín*, Ariel, Barcelona, 1983³.
- Ruipérez, M.S. (1954): *Estructura del sistema de aspectos y tiempos del verbo griego antiguo. Análisis funcional sincrónico*, Salamanca, 1954.
- (1967): "Notas sobre estructura del verbo español", en AA.VV.: *Problemas*

- y principios del estructuralismo lingüístico*, Publicaciones de la RFE, nº XVI, Madrid, 1967, 89-96.
- Santamarina, A. (1974): *El verbo gallego*, *Verba*, anexo 4, Univ. de Santiago, 1974.
- Serbat, G. (1975): "Les temps du verbe en latin. I", *Révue d'Etudes Latines*, LIII (1975), 367-405.
- (1976): "Les temps du verbe en latin. II", *Révue d'Etudes Latines*, LIV (1976), 308-52.
- Togebly, K. (1966): "Le sort du plus-que-parfait latin dans les langues romanes", *Cahiers Ferdinand de Saussure*, 23 (1966), 175-84.
- Touratier, C. (1977): "Valeurs et fonctionnement du subjonctif latin. I", *Révue d'Etudes Latines*, LV (1977), 370-406.
- (1982): "Valeurs et fonctionnement du subjonctif latin. II", *Révue d'Etudes Latines*, LX (1982), 308-52.
- Vairel, H. (1978): "La valeur de l'opposition infectum/perfectum en latin", *Révue d'Etudes Latines*, LVI (1978), 380-412.
- (1981): "Un modèle d'analyse linguistique des conditionnelles: latin *si di sunt, si di sint, si di essent*", *BSLP* 76/1 (1981), 275-326.
- Veiga, A. (1983): "*Cantei* no sistema temporal do verbo gallego", *Verba*, 10 (1983), 203-22.
- Wright, L.O. (1932): *The -ra verb form in Spain*, Berkeley, 1932.
- Xove, X. (1982): "O sistema verbal", en *Homenaxe a Alvaro Cunqueiro*, Univ. de Santiago, 1982, 308-40.